



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

### ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

#### SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA VINTE E CINCO DE XUÑO DE 2018. EXPTE. 3727/2018.

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA  
D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL  
D. JESUS FERNANDEZ FERNANDEZ  
D<sup>a</sup>. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 25 de xuño de 2018, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D<sup>a</sup>. María Isabel Rodríguez López e D. Emilio Villarrea Méndez. Non asisten á presente sesión a Interventora Municipal nin o Interventor por delegación.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN**

Maria Luz Balsa Rabade (1 para 2)  
SECRETARIA  
Data de Sinatura: 29/06/2018  
HASH: 1ba4a21599805a01b735c01cb971bacf



Maria Loureiro Garcia (2 para 2)  
PRESIDENTA - ALCALDESA  
Data de Sinatura: 29/06/2018  
HASH: f0d7486c345265413a72536e8704576b



ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQT6AM5CSSW23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 15



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

### **CELEBRADA O DÍA 18-06-2018.**

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 18 de xuño de 2018.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.**

#### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Por parte da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden cos seguintes expedientes: EXPTE. 3765/2018.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

### **3.- LICENZAS URBANISTICAS.**

#### **EXPTE. 811/2018.- LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de licenza presentada por D. Marcelino Fernández Catiñeira (...), en representación de Distribuciones Cruz Lugo, S.L. (...) para ampliación de nave industrial existente que alberga un almacén de colonias para unha empresa de distribución alimentarias no polígono industrial de Landrove-Viveiro, con referencia catastral 2412302PJ1321N .

Coa solicitude achegou a seguinte documentación técnica:

- Proxecto técnico (básico e de execución) redactado polo enxeñeiro técnico industrial, D. Ramón González Pérez, col. 475 xaneiro 2018, visado polo colexio oficial correspondente o 5 de febreiro de 2018 co número 1082018.
- Oficio igualmente visado de designación de director de obra a favor de D. Ramón González Pérez como director de obras (data de visado 8 de febreiro de 2018 co núm. 1322018).
- Autoliquidación e Xustificante de pagamento dos tributos locais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecta-técnica da Oficina de Rehabilitación, no que se indica:


*"INFORME TÉCNICO SOBRE A COMPATIBILIDADE DA AMPLIACIÓN DA NAVE PARA ALMACÉN DE PRODUTOS DE ALIMENTACIÓN E BEBIDAS NO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE CÓS INSTRUMENTOS DE PLANIFICACIÓN URBANÍSTICA E AS ORDENANZAS MUNICIPAIS DE VIVEIRO (LUGO).*

*Expediente: 811/2018*

*Solicitante: "Distribuciones Cruz Lugo, S.L."*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5CS5M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Asunto: Compatibilidade de actividade cós instrumentos de planificación urbanística e outros  
Ubicación parcela: Parque Empresarial de Landrove  
Referencia catastral: 2412302PJ1321N

Con respecto á solicitude realizada por "Distribuciones Cruz Lugo, S.L." para a ampliación de nave existente en parcela anexa na parcela II-3 do Polígono de Landrove, Ana Coya Guerrero, Arquitecta técnica-Enxeñeira de Edificación, INFORMA:

1. ANTECEDENTES. No ano 2012, "Distribuciones Cruz Lugo, S.L." tramitou ante o Concello de Viveiro os permisos pertinentes(1) para a construción dunha nave destinada a almacén de alimentación e bebidas nas parcelas P-I e P-II do Polígono de Landrove. Para a tramitación do pertinente expediente de licenza de actividade emitíuse con data 6 de setembro de 2012 o Informe Técnico sobre a compatibilidade da nave para almacén de produtos de alimentación e bebidas no parque empresarial de Landrove, promovida por "Sucesores de Marcelino Fernández S.L." cós instrumentos de planificación urbanística e as ordenanzas municipais de Viveiro".

2. OBXECTO DA ACTIVIDADE SOLICITADA. Na actualidade, "Distribuciones Cruz Lugo, S.L." solicita licenza de obra para a ampliación da nave existente. No "Proxecto básico e de execución de ampliación de nave existente na parcela anexa"(3) redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Ramón González Pérez de data xaneiro de 2018 descríbese a ampliación da nave sobre a parcela anexa denominada como II-3, cunha superficie construída de 960,00 m<sup>2</sup>, onde se desenvolverá a mesma actividade que a autorizada na Xunta de Goberno Local celebrada o 4 de decembro de 2012 (almacenaxe de produtos de alimentación e bebidas).

3. NORMATIVA URBANÍSTICA MUNICIPAL. No apartado 12 do Decreto 102/2006, de 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento(2) (DOG nº 120, 23 de xuño de 2006) establécese que: "A actuación relativa ó parque empresarial de Landrove recollida no Plan Sectorial de Ordenación de áreas Empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo acordo do Consello da Xunta do 27-5-2004 mantense nos termos recollidos no citado plan sectorial [...]".

O 21 de febreiro de 2007 (DOG de 28 de febreiro de 2007) apróbase definitivamente o "Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de ViveiroLandrove". Neste proxecto sectorial o uso característico autorizado é o uso industrial, permitiéndose outros usos afíns ou complementarios a éste tales como naves de almacenamento, talleres, garaxes, instalacións comerciais, oficinas e similares ligados á actividade industrial. Outros usos permitidos son: garaxe-aparcamento, oficinas, comercial, residencial, social e deportivo.

Na Xunta de Goberno Local celebrada o 28 de maio de 2008 apróbase definitivamente o "Proxecto de Urbanización do Parque Empresarial de Landrove".

Finalmente, con data 1 de setembro de 2011, representantes da Propiedade, Concello, Dirección Facultativa e Construtor asinan a acta de recepción das obras de urbanización.

4. XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DA NORMATIVA TÉCNICA APLICABLE. No "Proxecto básico e de execución de ampliación de nave existente na parcela anexa"(3) redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Ramón González Pérez de data xaneiro de 2018, xustifícase o cumprimento da normativa técnica aplicable.

#### 5. NORMATIVA DE CARÁCTER MEDIO AMBIENTAL.

• En referencia ás emisións gaseosas, vertidos, residuos e ruidos derivados da ampliación da actividade de almacén, con data 27 de marzo do ano en curso e número de rexistro 2018-E-RC-1908, o técnico redactor do proxecto xustifica o cumprimento da actividade solicitada có "Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Landrove".

• A actividade solicitada no está engadida no Anexo do Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, polo que non é necesario obter autorización do correspondente órgano ambiental.

**CONCLUSIÓN:** O "Proxecto básico e de execución de ampliación de nave existente na parcela

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C5SM23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 15



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

anexa" cumpre cos instrumentos de planificación urbanística e có "Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Viveiro-Landrove".

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, no que se indica o seguinte:

### "INFORME DO ARQUITECTO

exp: 811\_2018

Distribuciones Cruz Lugo, s.l.

Marcelino Fernández Castiñeira

## INFORME PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN

### 1. NORMATIVA APLICÁBEL

Figura de planeamento municipal aplicábel	denación Urbanística Provisional, OUP, Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.
---	---

### 2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

#### 2.1.- Clasificación e cualificación do solo

A clasificación do solo segundo a OUP é **urbano consolidado, dentro do Parque Empresarial de Landrove, [PSPEL].**

#### 2.2.- Descrición da parcela

Trátase dunha parcela localizada dentro do Polígono Industrial de Landrove, parcela II-3 cunha superficie de 1.161,50 m<sup>2</sup>, segundo datos recollidos no proxecto.

##### Datos catastrais:

referencia catastral nº2412302PJ1321N0002QZ, Tn Parque Empresarial Landrove, solo II-3. Superficie da parcela 1.162,00 m<sup>2</sup>.

#### 2.3.- Descrición das obras a realizar

Preséntase un proxecto de construción de ampliación de nave industrial existente que alberga un almacén de coloniais para unha empresa de distribucións alimentarias.

#### 2.4.- Cumprimento da normativa urbanística

[PSPEL] art. 41 Zona Industrial parcela tipo A

	PLAN SECTORIAL	PROXECTO
Superficie de parcela	500,00m <sup>2</sup>	1.162,00m <sup>2</sup> Ocupación
mín. de parcela	30%	82,65 %
Edificabilidade máx.	0,90 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>	0,83 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup>
Número de plantas	baixo+1	baixo
Altura máxima	9,00 m	8,61 m
Recuamentos lindeiros lateral e posterior	acaroado	acaroado
Líña de edificación	7,00 m	7,00 m.

Conta cos servizos urbanísticos de traída comunitaria de auga potable, enerxía eléctrica e evacuación de augas residuais a rede xeral.

#### 2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel

O enxeñeiro técnico industrial Ramón González Pérez fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

#### 2.6.- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de **140.100,00 €.**

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

#### 2.7.- Condicionamentos

➤O presente proxecto establece como uso industrial existente da nave ampliada.

➤Deberase prever 1 praza de aparcamento por cada 100 m<sup>2</sup> edificábeis, (25% de dominio público). 0,381 prazas/100 m<sup>2</sup> admitiranse anexas á rede viaria debendo situarse as outras 0,619 prazas/100 m<sup>2</sup> no interior da parcela.

➤Os espazos libres no interior da parcela poderán destinarse a aparcamento, espazos de

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSSW23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

carga e descarga e/ou zona axardinada. Prohíbese utilizar estes espazos como depósito de materiais e/ou verquido de desperdicios.

➤ Os espazos libres de edificación deberán tratarse en todas as súas zonas de tal xeito que as que non fiquen pavimentadas se completen con elementos de xardinería, decoración exterior, etc., sempre concretando o seu uso.

➤ Deberanse executar os entronques de xeito separativo de augas pluviais e de fecais con saída a arquetas independentes. Coordinaranse os traballos co persoal municipal de obras e compañías subministradoras. Repoñerase o pavimento deteriorado cos mesmos materiais e grosos existentes na actualidade, en caso de afección dos servizos municipais, estes deberán ser reparados á maior brevidade posíbel e sempre por conta da empresa solicitante.

➤ De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe, casetas de obra e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.

### 2.8.- Fianza

Establécese unha fianza de **6.000,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público durante a execución das obras así como durante a conexión aos servizos urbanísticos.

### 3. CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese **INFORME FAVORÁBEL**, nas **CONDICIÓNS** expresadas nos puntos anteriores."

Visto que consta no expediente informe xurídico favorable, que literalmente di:

**"Asunto:** Informe-Proposta sobre Licencia Urbanística obras de ampliación de nave industrial existente que alberga un almacén de coloniais para unha empresa de distribución alimentarias no polígono industrial de Landrove.

**Expt: 811/2018**

**Interesados:** Marcelino Fernández Catiñeira (.....) en representación de Distribuciones Cruz Lugo, S.L. (...).

**Referencia catastral:** 2412302PJ1321N

Emítese o presente informe, de carácter preceptivo, para dar cumprimento ao disposto no artigo 143.1 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG) e no artigo 172 y siguientes del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado, por el Real Decreto 2568/1986, de 28 de noviembre, con base a los siguientes,


### ANTECEDENTES

**1º.** Marcelino Fernández Catiñeira (...) en representación de Distribuciones Cruz Lugo, S.L. (...) solicitou, o 14 de febreiro de 2018, licenza municipal para ampliación de nave industrial existente que alberga un almacén de coloniais para unha empresa de distribución alimentarias no polígono industrial de Landrove-Viveiro, con referencia catastral 2412302PJ1321N .

Coa solicitude achegou a seguinte documentación técnica:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM6SCSN23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

- *Proxecto técnico (básico e de execución) redactado polo enxeñeiro técnico industrial Ramon Gonzalez Perez, col. 475 xaneiro 2018, visado polo colexio oficial correspondente o 5 de febreiro de 2018 co número 1082018*
- *Oficio igualmente visado de designación de director de obra a favor de don Ramon Gonzalez Perez como director de obras (data de visado 8 de febrero de 2018 co núm. 1322018)*
- *Autoliquidación e Xustificante de pagamento dos tributos locais.*

**2º.-** A apareladora municipal Ana Coya Guerrero emitíu en data 27/03/2018 informe técnico favorable da seguinte literalidade:

*"Con respecto á solicitude realizada por "Distribuciones Cruz Lugo, S.L." para a ampliación de nave existente en parcela anexa na parcela II-3 do Polígono de Landrove, Ana Coya Guerrero, Arquitecta técnica-Enxeñeira de Edificación, INFORMA:*

1. ANTECEDENTES. No ano 2012, "Distribuciones Cruz Lugo, S.L." tramitou ante o Concello de Viveiro os permisos pertinentes(1) para a construción dunha nave destinada a almacén de alimentación e bebidas nas parcelas P-I e P-II do Polígono de Landrove. Para a tramitación do pertinente expediente de licenza de actividade emitíuse con data 6 de setembro de 2012 o Informe Técnico sobre a compatibilidade da nave para almacén de produtos de alimentación e bebidas no parque empresarial de Landrove, promovida por "Sucesores de Marcelino Fernández S.L." cós instrumentos de planificación urbanística e as ordenanzas municipais de Viveiro".

2. OBXECTO DA ACTIVIDADE SOLICITADA. Na actualidade, "Distribuciones Cruz Lugo, S.L." solicita licenza de obra para a ampliación da nave existente. No "Proxecto básico e de execución de ampliación de nave existente na parcela anexa"(3) redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Ramón González Pérez de data xaneiro de 2018 descríbese a ampliación da nave sobre a parcela anexa denominada como II-3, cunha superficie construída de 960,00 m2, onde se desenvolverá a mesma actividade que a autorizada na Xunta de Goberno Local celebrada o 4 de decembro de 2012 (almacenaxe de produtos de alimentación e bebidas)...

**CONCLUSIÓN:** O "Proxecto básico e de execución de ampliación de nave existente na parcela anexa" cumpre cos instrumentos de planificación urbanística e có "Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de ViveiroLandrove". Salvo criterio mellor fundado, erro u omisión, informo ós efectos oportunos"

3º. O 4 de abril de 2018 o arquitecto municipal emitíu o preceptivo informe técnico, **de carácter favorable**, segundo o cal o solo no que se ubica a parcela clasifícase como **urbano consolidado**, resultandolle de aplicación a **ordenanza** regulada no punto 12 -parque empresarial de Landrove- do Decreto 102/2006, do 22 de xuño, na redacción dada polo Decreto 89/2010, do 3 de xuño; o orzamento estimado das obras ascende a 140.100,00 euros, coincidente co declarado na autoliquidación provisional, do seguinte tenor literal:

**"INFORME PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN**

1. **NORMATIVA APLICÁBEL** Figura de planeamento municipal aplicábel Ordenación Urbanística Provisional, OUP, Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.

2. **INFORME SOBRE A SOLICITUDE:**

2.1.- Clasificación e cualificación do solo A clasificación do solo segundo a OUP é urbano consolidado, dentro do Parque Empresarial de Landrove, [PSPEL].

2.2.- Descrición da parcela Trátase dunha parcela localizada dentro do Polígono Industrial de Landrove, parcela II-3 cunha superficie de 1.161,50 m2 , segundo datos recollidos no proxecto. Datos catastrais: referencia catastral nº2412302Pj1321N0002QZ, Tn Parque Empresarial Landrove, solo II-3. Superficie da parcela 1.162,00 m2 .

2.3.- Descrición das obras a realizar Preséntase un proxecto de construción de ampliación de

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5CS5M23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

nave industrial existente que alberga un almacén de coloniais para unha empresa de distribucións alimentarias.

2.4.- Cumprimento da normativa urbanística [PSPEL] art. 41 Zona Industrial parcela tipo A PLAN SECTORIAL PROXECTO

Superficie de parcela 500,00m<sup>2</sup> 1.162,00m<sup>2</sup>

Ocupación mín. de parcela 30% 82,65 %

Edificabilidade máx. 0,90 m<sup>2</sup> /m<sup>2</sup> 0,83 m<sup>2</sup> /m<sup>2</sup>

Número de plantas baixo+1 baixo Altura máxima 9,00 m 8,61 m Recuamentos lindeiros lateral e posterior: acaroado, acaroado

Líña de edificación 7,00 m 7,00 m.

Conta cos servizos urbanísticos de traída comunitaria de auga potable, enerxía eléctrica e evacuación de augas residuais a rede xeral.

2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel

O enxeñeiro técnico industrial Ramón González Pérez fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

2.6.- Orzamento O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de 140.100,00 €. Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

2.7.- Condicionamentos

O presente proxecto establece como uso industrial existente da nave ampliada.

Deberase prever 1 praza de aparcamento por cada 100 m<sup>2</sup> edificábeis, (25% de dominio público). 0,381 prazas/100 m<sup>2</sup> admitiranse anexas á rede viaria debendo situarse as outras 0,619 prazas/100 m<sup>2</sup> no interior da parcela.

Os espazos libres no interior da parcela poderán destinarse a aparcamento, espazos de carga e descarga e/ou zona axardinada. Prohibese utilizar estes espazos como depósito de materiais e/ou verquido de desperdicios.

Os espazos libres de edificación deberán tratarse en todas as súas zonas de tal xeito que as que non fiquen pavimentadas se completen con elementos de xardinería, decoración exterior, etc., sempre concretando o seu uso.

Deberanse executar os entronques de xeito separativo de augas pluviais e de fecais con saída a arquetas independentes. Coordinaranse os traballos co persoal municipal de obras e compañías subministradoras. Repoñerase o pavimento deteriorado cos mesmos materiais e grosos existentes na actualidade, en caso de afección dos servizos municipais, estes deberán ser reparados á maior brevidade posíbel e sempre por conta da empresa solicitante.

De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe, casetas de obra e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.

2.8.- Fianza Establécese unha fianza de 6.000,00 € en concepto de garantía para reparación de posíbeis danos que se podan ocasionar no espazo público durante a execución das obras así como durante a conexión aos servizos urbanísticos.

3. CONCLUSIÓNS: Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítase INFORME FAVORÁBEL, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."

### CONSIDERACIÓNS XURIDICAS

I.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), establece no seu apartado segundo os actos suxeitos a licenza urbanística. Entre outros están suxeitos a licenza urbanística "los actos de edificación y uso del suelo y del subsuelo que, con arreglo a la normativa general de ordenación de la edificación, precisen de proyecto de obras de edificación". No mesmo sentido se pronuncia o artigo 351 do Decreto 143/2016, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

A Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación establece no seu artigo 2.2 as obras que requiren de proxecto. Entre elas requirirán proxecto as seguintes:

"Todas las intervenciones sobre los edificios existentes, siempre y cuando alteren su configuración arquitectónica, entendiéndose por tales las que tengan carácter de intervención total o las parciales que produzcan una variación esencial de la composición general exterior, la volumetría, o el conjunto del sistema estructural, o tengan por objeto cambiar los usos

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSN23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 15



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

característicos del edificio.”

A tenor do disposto no presente punto, as obras obxecto deste expediente requiren de licenza urbanística, segundo o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e do seu Regulamento de desenvolvemento, en consonancia coa Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación.

Segundo se indicou nos antecedentes, o interesado presentou solicitude de licenza urbanística.

II.- Procedemento: Conforme o disposto no artigo 143.1 da LSG, as licenzas outorgáranse de acordo coas previsións da lexislación e planeamento urbanísticos. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da mencionada lei declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral; na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 12 regula a ordenanza do parque empresarial de Landrove, no que se ubica a nave que se pretende construír.

As actuacións propostas cumpren coa normativa urbanística de aplicación, segundo se acredita no informe técnico que obra no expediente, no que tamén se informa que o uso característico do parque empresarial é o uso industrial, permitíndose outros usos aínes ou complementarios a este, tales como naves de almacenamento, talleres, garaxes, instalacións comerciais, oficinas e similares ligados á actividade industrial, quedando prohibidos dentro do ámbito territorial do parque empresarial de Landrove calquera outro uso non incluído nos anteriores, nos termos contidos no artigo 30 e seguintes do Proxecto Sectorial do Parque Empresarial de Landrove.

III.- Os artigos 143 e 354 da LSG e o seu Regulamento de desenvolvemento establecen a obrigatoriedade na tramitación de licenzas de contar cos informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

No expediente obxecto de informe consta a presentación de licenza, cos preceptivos documentos segundo a normativa de aplicación, constandingo así mesmo os informes técnicos favorables no que se manifestan o cumprimento coa normativa urbanística do proxecto presentado.

IV.- De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren.

Segundo o informe técnico emitido polo arquitecto municipal deberá establecerse unha **fianza de 6.000,00 euros** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público.

En base aos antecedentes e fundamentos descritos enténdese que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida, segundo se indica nos informes técnicos, é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

Polo que se formula a seguinte,

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM6SCSN25 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 75





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

### PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRA:** Outorgar a Marcelino Fernández Catiñeira (...) en representación de Distribuciones Cruz Lugo, S.L. (...) licenza municipal para ampliación de nave industrial existente que alberga un almacén de coloniais para unha empresa de distribución alimentarias no polígono industrial de Landrove-Viveiro, con referencia catastral 2412302Pj1321N; segundo o proxecto técnico (básico e de execución) redactado polo enxeñeiro técnico industrial Ramon Gonzalez Perez, visado polo colexio oficial correspondente o 5 de febreiro de 2018 co número 1082018; e baixo a dirección facultativa do enxeñeiro técnico de obras públicas don Ramon Gonzalez Perez (data de visado 8 de febreiro de 2018)

**SEGUNDA:** A licenza outórgase suxeita ao cumprimento das seguintes **condicións particulares:**

- O presente proxecto establece como uso industrial existente da nave ampliada
- Deberase prever 1 praza de aparcamento por cada 100 m<sup>2</sup> edificábeis, (25% de dominio público). 0,381 prazas/100 m<sup>2</sup> admitiranse anexas á rede viaria debendo situarse as outras 0,619 prazas/100 m<sup>2</sup> no interior da parcela.
- Os espazos libres no interior da parcela poderán destinarse a aparcamento, espazos de carga e descarga e/ou zona axardinada. Prohibese utilizar estes espazos como depósito de materiais e/ou verquido de desperdicios.
- Os espazos libres de edificación deberán tratarse en todas as súas zonas de tal xeito que as que non fiquen pavimentadas se completen con elementos de xardinería, decoración exterior, etc., sempre concretando o seu uso.
- Deberanse executar os entronques de xeito separativo de augas pluviais e de fecais con saída a arquetas independentes. Coordinaranse os traballos co persoal municipal de obras e compañías subministradoras. Repoñerase o pavimento deteriorado cos mesmos materiais e grosos existentes na actualidade, en caso de afección dos servizos municipais, estes ser reparados á maior brevidade posíbel e sempre por conta da empresa solicitante.
- De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe, casetas de obra e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.
- O interesado deberá constituir na Tesourería municipal unha **fianza de 6.000,00 euros** en garantía dos posibles danos que se poideran ocasionar no espazo público durante a execución das obras e a conexión aos servizos urbanísticos.

**TERCEIRA:** As **condicións xerais** ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- 1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas
- 1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa
- 1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública
- 1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas
- 1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministración dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.
- 1.6 **Réxime de caducidade das licenzas:**
  - O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos, desde o día seguinte ao de notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, e non

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C5SM23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 15

**poderán interroperse as obras por tempo superior a seis meses.**

- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ao Concello apra o seu control

**1.7 Nas obras de nova edificación e reestruturación xeral, o promotor deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:**

- o nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas
- ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación
- fecha de expedición da licenza e prazo de execución das obras
- número de plantas autorizadas
- número de expediente
- prazo de execución das obras

**CUARTA.- Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:**

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO URBANO CONSOLIDADO DENTRO DO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE, (PSPEL).
Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.	AMPLIACIÓN DE NAVE INDUSTRIAL EXISTENTE QUE ALBERGA UN ALMACÉN DE COLONIAIS PARA UNHA EMPRESA DE DISTRIBUCIÓN ALIMENTARIA.
Orzamento de execución material.	140.000,00 EUROS
Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito	PARQUE EMPRESARIAL LANDROVE, SOLO II-3 -VIVEIRO  REF. CAT.: 2412302PJ1321N
Nome ou razón social da persoa promotora	D. DISTRIBUCIONES CRUZ LUGO, SL (B27197847)
Técnico autor do proxecto e, dirección facultativa das obras	RAMON GONZALEZ PÉREZ  DIRECCIÓN OBRA: D. RAMON GONZALEZ PÉREZ
Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de prórrogas	6 meses para o inicio e tres anos para o remate. Poderase conceder prórroga previa solicitude expresa segundo o previsto na LSG e Regulamento de desenvolvemento.





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Marcelino Fernández Catiñeira (...), en representación de Distribuciones Cruz Lugo, S.L. (...) licenza municipal para ampliación de nave industrial existente que alberga un almacén de coloniais para unha empresa de distribución alimentarias no polígono industrial de Landrove-Viveiro, con referencia catastral 2412302Pj1321N; segundo o proxecto técnico (básico e de execución) redactado polo enxeñeiro técnico industrial, D. Ramón González Pérez, visado polo colexio oficial correspondente o 5 de febreiro de 2018 co número 1082018; e baixo a dirección facultativa do enxeñeiro técnico de obras públicas, D. Ramón González Pérez (data de visado 8 de febrero de 2018).

Segundo.- A licenza outórgase suxeita ao cumprimento das seguintes **condicións particulares:**


- O presente proxecto establece como uso industrial existente da nave ampliada.
- Deberase prever 1 praza de aparcamento por cada 100 m<sup>2</sup> edificábeis, (25% de dominio público). 0,381 prazas/100 m<sup>2</sup> admitiranse anexas á rede viaria debendo situarse as outras 0,619 prazas/100 m<sup>2</sup> no interior da parcela.
- Os espazos libres no interior da parcela poderán destinarse a aparcamento, espazos de carga e descarga e/ou zona axardinada. Prohíbese utilizar estes espazos como depósito de materiais e/ou verquido de desperdicios.
- Os espazos libres de edificación deberán tratarse en todas as súas zonas de tal xeito que as que non fiquen pavimentadas se completen con elementos de xardinería, decoración exterior, etc., sempre concretando o seu uso.
- Deberanse executar os entronques de xeito separativo de augas pluviais e de fecais con saída a arquetas independentes. Coordinaranse os traballos co persoal municipal de obras e compañías subministradoras. Repoñerase o pavimento deteriorado cos mesmos materiais e grosos existentes na actualidade, en caso de afección dos servizos municipais, estes ser reparados á maior brevidade posíbel e sempre por conta da empresa solicitante.
- De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe, casetas de obra e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.
- O interesado deberá constituir na Tesourería municipal unha **fianza de 6.000,00 euros** en garantía dos posibles danos que se poideran ocasionar no espazo público durante a execución das obras e a conexión aos servizos urbanísticos.

Terceiro.- As **condicións xerais** ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

1.1 A presente licenza só facultará ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5CS5M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

actuación se refire pero non alterará a situacións xurídico privadas entre este e as demais persoas.

1.2 As obras executaranse con estrita suxeición ó proxecto aprobado e baixo a dirección do técnico que figura no expediente. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

1.3 O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; así mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

1.4 Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

1.5 A licenza urbanística constitúe un requisito legal para a contratación da subministracións dos servizos de enerxía eléctrica, auga, gas, telefonía e telecomunicacións, nos casos e termos establecidos na lexislación urbanística.

1.6 Réxime de caducidade das licenzas:

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos, desde o día seguinte ao de notificación ao solicitante do outorgamento da licenza, e non poderán interroperse as obras por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.
- A declaración de caducidade extinguirá a licenza, non podendo iniciarse nin continuar as obras, agás traballos de seguridade e mantemento, dos que se dará conta ao Concello apra o seu control

1.7 Nas obras de nova edificación e reestruturación xeral, o promotor deberá dispoñer dun cartel informativo visible dende o exterior, no que consten:

- o nome e apelidos dos seguintes técnicos: dos proxectistas, dos directores da obra e de execución da obra, do coordinador de seguridade e saúde e dos contratistas
- ordenanza que se aplica e usos aos que se vai destinar a edificación
- fecha de expedición da licenza e prazo de execución das obras

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQT6AM5CS5M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 e 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

- número de plantas autorizadas
- número de expediente
- prazo de execución das obras

Cuarto .- Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO URBANO CONSOLIDADO DENTRO DO PARQUE EMPRESARIAL DE LANDROVE, (PSPDL).
Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.	AMPLIACIÓN DE NAVE INDUSTRIAL EXISTENTE QUE ALBERGA UN ALMACÉN DE COLONIAIS PARA UNHA EMPRESA DE DISTRIBUCIÓN ALIMENTARIA.
Orzamento de execución material,	140.000,00 EUROS
Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito	PARQUE EMPRESARIAL LANDROVE, SOLO II-3 -VIVEIRO REF. CAT.: 2412302PJ1321N
Nome ou razón social da persoa promotora	D. DISTRIBUCIONES CRUZ LUGO, SL (...)
Técnico autor do proxecto e, dirección facultativa das obras	RAMON GONZALEZ PÉREZ DIRECCIÓN OBRA: D. RAMON GONZALEZ PÉREZ
Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de prórrogas	6 meses para o inicio e tres anos para o remate. Poderase conceder prórroga previa solicitude expresa segundo o previsto na LSG e Regulamento de desenvolvemento.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza de 6.000,00 euros en garantía dos posibles danos que se poideran ocasionar no espazo público durante a execución das obras e a conexión aos servizos urbanísticos.

### EXPTE. 6766/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. (...), e na súa representación D. Pablo Pallares Alvarez (...) para a realización de obras de SUBSTITUCIÓN DE MÁQUINA DE CAIXEIRO AUTOMÁTICO en Rúa Nicomedes Pastor Díaz, 20, no casco histórico de Viveiro, con referencia catastral 3354315PJ1335S0018MM.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5CS5M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva y justificativa para cambio de cajero automático, Presupuesto desglosado (1,650,00 euros) y planos A01. estado actual y A02. Estado reformado asinados por Gestión integral de Centros abanca.
- DNI de Pablo María Alvite Lorenzo (...).
- Reportaxe fotográfica.
- Escritura de poder notarial de data 14 de maio de 2015, con número de protocolo 1304, otorgada por el notario, D. Francisco Manuel Ordoñez Arman.
- Autoliquidación e xustificante de pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

*"INFORME DE LICENCIA PARA SUBSTITUCIÓN DE MÁQUINA DE CAIXEIRO AUTOMÁTICO NO N.º 20 DA RÚA NICOMEDES PASTOR DÍAZ, NO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO*

EXpte: 6766/ 2017

SOLICITANTE: ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A.

REF. CATASTRAL: 3354315PJ1335S0018MM

### 1. NORMATIVA APLICABLE:

¿ Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Viveiro (en diante P.E.P.R.I)

¿ Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP). A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con carácter transitorio ata a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.

### 2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

2.1.- Clasificación e cualificación do solo .

A clasificación do solo é urbano consolidado.

2.2.- Descrición da parcela.

O inmovible onde se pretende realizar a substitución de máquina de caixeiro automático, no Casco Histórico de Viveiro. Non é necesario tramitación ante Patrimonio.

2.3.- Descrición das obras a realizar.

Substitución de caixeiro automático segundo memoria presentada coa solicitude de licencia de obra.

2.4.- Cumprimento da normativa urbanística.

Segundo a solicitude presentada a obra a realizar cumpre coa normativa urbanística.

2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicable.

Cumpre coa normativa técnica aplicable.

2.6.- Orzamento.

O orzamento de execución material segundo o orzamento presentado coa solicitude de licencia de obra ascende a cantidade de 1.650,00 €.

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

2.7.- Varios

1.- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.

### 3. CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicable emítese INFORME FAVORABLE, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do Concello, no que se indica o seguinte:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM6SCSN23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**"Título:** Informe sobre Licenza urbanística para SUSTITUCIÓN DE MÁQUINA DE CAIXEIRO AUTOMÁTICO en Rúa NICOMEDES PASTOR DIAZ 20, no casco histórico de Viveiro.

**Expediente:** 6766/2017

**Referencia catastral:** 3354315PJ1335S0018MM

**Solicitante:** ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. (...), e na súa representación PABLO PALLARES ALVAREZ (...)

### INFORME-PROPOSTA

En relación co expediente relativo á licenza urbanística para obras SUSTITUCIÓN DE MÁQUINA DE CAIXEIRO AUTOMÁTICO en Rúa NICOMEDES PASTOR DIAZ 20, no casco histórico de Viveiro, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 a 175 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** Con data 30 de novembro de 2017, foi presentada por ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. (...), e na súa representación PABLO PALLARES ALVAREZ (...) solicitude de licenza urbanística para a realización de obras de SUSTITUCIÓN DE MÁQUINA DE CAIXEIRO AUTOMÁTICO en Rúa NICOMEDES PASTOR DIAZ 20, no casco histórico de Viveiro, con referencia catastral 3354315PJ1335S0018MM.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva y justificativa para cambio de cajero automático, Presupuesto desglosado (1,650,00 euros) y planos A01. estado actual y A02. Estado reformado asinados por Gestión integral de Centros abanca.
- DNI de Pablo María Alvite Lorenzo (32820957A).
- Reportaxe fotográfica.
- Escritura de poder notarial de data 14 de maio de 2015, con número de protocolo 1304, otorgada por el notario FRANCISCO MANUEL ORDOÑEZ ARMAN.
- Autoliquidación e xustificante de pagamento dos tributos municipais.

**SEGUNDO.** Con data 14/12/2017, en cumprimento do disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, foi emitido informe dos Servizos Técnicos, verificado de conformidade en data 15/12/2017 polo arquitecto municipal, en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización de obras de SUSTITUCIÓN DE MÁQUINA DE CAIXEIRO AUTOMÁTICO en Rúa NICOMEDES PASTOR DIAZ 20, no casco histórico de Viveiro, e que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.

Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5CSSM23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

- 6.- Conservarase totalmente a moldura de cantería do aleiro da fachada de García Dóriga para colocalo no remate do muro de nova realización
- 7.- Na sección achegada en data 15 de novembro de 2017, compróbase que a instalación do ascensor non leva foso, polo que non se poderá facer foso de ascensor a menos que se presente un proxecto arqueolóxico.

### TERCEIRO. CONDICIÓNS XERAIS DA LICENZA:

➤A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.

➤ **Antes da iniciación das obras, o promotor deberá achegar o proxecto de execución e oficio de dirección.**

➤As obras executaranse con estrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

➤O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

➤Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

➤Réximen de caducidade das licenzas:

➤**O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.**

➤O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

➤ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5C55M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 31 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

➤Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

**CUARTO.** *Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a D. Francisco Fernández Rodríguez (...) e D<sup>a</sup>. Consuelo Ferro Castelo (...) para a realización de obras DE PROXECTO BASICO para rehabilitación de vivanda familiar de semisótano, baixo e planta alta e ampliación de parte da planta baixo cuberta en edificación sita en Avda. García Dóriga-9/Pérez Das Mariñas, 12, no casco histórico de Viveiro, con referencia catastral 3353106PJ1335S0002SP, segundo proxecto básico asinado polo arquitecto, D. José Díaz López.

Segundo .- As CONDICIÓN PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

1.- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.

2.- A fachada deberá ir pintada da mesma cor que a actual, no caso de cambio de cor deberá obter o permiso da Oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Viveiro.

3.- A carpintería exterior será de madeira na fachada de García Dóriga, conservando a que poda ser recuperada. De non poder recuperarse, deberá ser de iguais características da existente, intentando manter os vidros. Estará pintada da mesma cor que a actual. Na fachada de Pérez das Mariñas, a carpintería de madeira será de cor branca, así mesmo a galería ten protección (g) polo que tamén deberá ser conservada /restaurada nas mesmas condicións da actual.

4.- A cor e textura das pezas de cantería a implantar nos ocos de nova creación na fachada de García Dóriga serán de cor semellante ó das plantas baixas.

5.- Conservarase totalmente a cerrallaría exterior das dúas fachadas, restaurando en caso necesario.

6.- Conservarase totalmente a moldura de cantería do aleiro da fachada de García Dóriga para colocalo no remate do muro de nova realización.

7.- Na sección achegada en data 15 de novembro de 2017, compróbase que

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5CS5M23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 32 de 75





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

a instalación do ascensor non leva foso, polo que non se poderá facer foso de ascensor a menos que se presente un proxecto arqueolóxico.

### Terceiro.- CONDICIÓN XERAIS DA LICENZA:

➤ A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.

➤ **Antes da iniciación das obras, o promotor deberá achegar o proxecto de execución e oficio de dirección.**

➤ As obras executaranse con estrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

➤ O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precricións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

➤ Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

➤ Réximen de caducidade das licenzas:

➤ O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

➤ O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

➤ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

➤ Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5C55M25 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 33 e 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Cuarto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 297/2018.- LICENZA DE OBRA E ACONDICIONADO DE LOCAL.**

Vista a solicitude de licenza de obra presentada por D<sup>a</sup>. María Dolores Casariego Vales para a realización de para obras ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARAFARMACIA CON SECCIÓN ORTOPEDIA, en Rúa Vicente Cociña, 3 Baixo, deste concello, con referencia catastral 3354914PJ13358023JW.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proyecto de acondicionamento e instalacións para apertura de un establecemento destinado a parafarmacia con sección de produtos de ortopedia, asinado polo Enxeñeiro: Manuel Breijo Cotelo (n.º 2040 ICOIIG) en Rúa Vicente Cociña, n.º 3, baixo, desta localidade.
- Declaración Responsable sobre cumprimento de normativa de Ruidos asinada.
- Acreditación de cumprimento da normativa aplicable asinado por técnico competente.
- Certificado de seguridade e solidez asinada e visada.
- Contrato de arrendamento en vigor do local para o que se solicita licencia.
- D.N.I. de promotora.
- Oficio de asignación de dirección de obra a favor de D. MANUEL BREIJO COTELO, N.º 2040 ICOIIG. (VISADO N.º 20180070, DE 10/01/2018)
- Autoliquidación e xustificante de pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola apareladora da Oficina de Rehabilitación, co visto e prace do arquitecto municipal.

*"INFORME DE LICENCIA DE OBRA EN EDIFICACIÓN SITA NA RÚA VICENTE COCIÑA N.º 3-BAIXO, NO CASCO HISTÓRICO DE VIVEIRO.*

*EXPTE: 297/2018*

*SOLICITANTE: M.ª DOLORES CASARIEGO VALES*

*REF. CATASTRAL: 3354914PJ1335S00023JW*

#### **1. NORMATIVA APLICABLE:**

*¿ Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Histórico de Viveiro (en diante P.E.P.R.I)*

*¿ Ordenación Urbanística Provisional, Decreto 102/2006, (en diante OUP). A ordenación provisional estará vixente no Concello de Viveiro con carácter transitorio a ta a entrada en vigor do novo plan xeral de ordenación municipal.*


#### **2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:**

*2.1.- Clasificación e cualificación do solo A clasificación do solo é urbano consolidado.*

*2.2.- Descrición da parcela*

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5CS5M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 34 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

O local comercial onde se pretende realizar as obras está situada no 3-baixo da rúa Vicente Cociña, no Casco Histórico de Viveiro.

Non é necesaria a tramitación de sectorial de Patrimonio.

### 2.3.- Descrición das obras a realizar

Acondicionamento de instalacións para a apertura dun establecemento destinado a parafarmacia con sección de produtos de ortopedia asinado polo Enxeñeiro industrial Manuel Breijo Cotelo. As obras consisten en retirada de mobiliario existente. Substitución de portas de acceso ó local por outras automáticas das mesmas dimensións. Execución de rampa interior para facilitar accesibilidade, colocación de portas interiores de vidro templado. Substitución de luminarias. Colocación de novo mobiliario

### 2.4.- Cumprimento da normativa urbanística

Segundo a solicitude presentada a obra a realizar cumpre coa normativa urbanística.

### 2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicable

Cumpre coa normativa técnica aplicable.

### 2.6.- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o orzamento presentado coa solicitude de licencia de obra ascende a cantidade de 6.588,76 €

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

### 2.7.- Varios

1.- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a perceptiva licencia así como para a instalación de andamiaxe.

2.- De colocar rótulo comercial, deberase presentar solicitude no rexistro do Concello coas características do rótulo indicando dimensión, sistema de anclaxe, lugar de ubicación, materiais e cores a utilizar

3. CONCLUSIONES: Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicable emítese INFORME FAVORABLE, nas CONDICIÓNs expresadas nos puntos anteriores."

Visto o informe emitido pola arquitecta-técnica da Oficina de Rehabilitación, no que sinala que:

**"INFORME TÉCNICO SOBRE A COMPATIBILIDADE DA IMPLANTACIÓN DUNHA PARAFARMACIA COA ORDENANZA URBANÍSTICA PROVISIONAL E A NORMATIVA TÉCNICA APLICABLE.**

Solicitante: M<sup>o</sup> Dolores Casariego Vales

Situación: Vicente Cociña n.º 3, baixo

Referencia catastral: 3354914PJ1335S00023JW

Expediente Xestiona: 297/2018

En relación á solicitude de informe técnico sobre a compatibilidade da actividade solicitada por M<sup>o</sup> Dolores Casariego Vales para a apertura dunha PARAFARMACIA no baixo ubicado na rúa Vicente Cociña n.º 3 de Viveiro, Ana Coya Guerrero, Arquitecta Técnica-Enxeñeira de Edificación da Oficina de Rehabilitación de Viveiro INFORMA:

1. Trala suspensión das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e a aprobación do Decreto 102/2006, de 22 de xuño, polo que se suspende as normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento (OUP)(1) edificación onde se implantará a actividade está regulada pola ORDENANZA DE SOLO URBANO DO CASCO ANTIGO DE VIVEIRO. As condicións de edificación e usos están recollidas no Plan Especial e Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI)(2), aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro, o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo n.º 233, de 10 de outubro) os usos permitidos son: residencial, industria e almacén, comercial e dotacional.

2. Que segundo o "Proxecto de acondicionamento de instalacións para a apertura dun establecemento destinado a parafarmacia con sección de produtos de ortopedia"(3) redactado polo Enxeñeiro industrial Manuel Breijo Cotelo a actividade solicitada non inclúe obradoiro de traballo nin maquinaria susceptible de xerar vibracións. En cumprimento do artigo 11, apartado 3 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia, o técnico redactor do proxecto fai constar no apartado 1.16 do proxecto que a parafarmacia "no n pro d uclrá u n nivel s o no ro supe rio r a 70 db".

3. Que o desenvolvemento da actividade xenera residuos sanitarios sólidos que deberán ser





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

xestionados por empresas homologadas tal e como especifica o redactor do proxecto no apartado 1.17, polo que unha vez iniciada a actividade o solicitante deberá dispoñer do correspondente contrato de xestión de residuos.

4. Que NON é necesario tramitar o procedemento de incidencia ambiental, debido a que a actividade a desenvolver non se atopa dentro dos supostos recollidos no Anexo "Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental" da Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, tal e como se establece no apartado 1.07.5 do proxecto.

CONCLUSIÓN: Por todo o exposto anteriormente, a actividade solicitada cumpre coa ordenanza urbanística provisional e a normativa aplicable.

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do Concello, no que se indica o seguinte:

**"Título:** Informe sobre Licenza urbanística para obra ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARAFARMACIA CON SECCIÓN ORTOPEDIA,  
**Situación:** RUA VICENTE COCIÑA, 3 BAIXO, no casco histórico de Viveiro.  
**Referencia catastral:** 3354914PJ13358023JW  
**Solicitante:** MARIA DOLORES CASARIEGO VALES (...)  
**Expediente:** 297/2018

### INFORME-PROPOSTA

En relación co expediente relativo á licenza urbanística para obras ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARAFARMACIA CON SECCIÓN ORTOPEDIA, en Rúa VICENTE COCIÑA, 3 BAIXO, no casco histórico de Viveiro, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 a 175 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** Con data 17 de xaneiro de 2018, foi presentada por MARIA DOLORES CASARIEGO VALES solicitude de licenza urbanística para a realización de para obras ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARAFARMACIA CON SECCIÓN ORTOPEDIA, en Rúa VICENTE COCIÑA, 3 BAIXO, deste concello, con referencia catastral 3354914PJ13358023JW.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proyecto de acondicionamento e instalacións para apertura de un establecemento destinado a parafarmacia con sección de produtos de ortopedia, asinado polo Enxeñeiro: Manuel Breijo Coteló (n.º 2040 ICOIIG) en Rúa Vicente Cocina, n.º 3, baixo, desta localidade.
- Declaración Responsable sobre cumprimento de normativa de Ruidos asinada.
- Acreditación de cumprimento da normativa aplicable asinado por técnico competente.
- Certificado de seguridade e solidez asinado e visado.
- Contrato de arrendamento en vigor do local para o que se solicita licencia.
- D.N.I. de promotora.
- Oficio de asignación de dirección de obra a favor de D. MANUEL BREIJO COTELO, N.º 2040 ICOIIG. (VISADO N.º 20180070, DE 10/01/2018)
- Autoliquidación e xustificante de pagamento dos tributos municipais.

**SEGUNDO.** Con data 16 de febreiro de 2018, pola arquitecta técnica D. Ana Coya Guerrero, foi emitido informe polos servizos técnicos municipais, favorable, relativo a compatibilidade da implantación da actividade parafarmacia coa ordenanza urbanística provisional e normativa técnica aplicable.

**TERCEIRO.-** En relación co expediente de licenza urbanística referenciado, con data 20 de





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

febreiro de 2018, en cumprimento do disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, foi emitido informe dos Servizos Técnicos, verificado de conformidade en data 22 de febreiro de 2018 polo arquitecto municipal, en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización de obras ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARAFARMACIA CON SECCIÓN ORTOPEdia, en Rúa VICENTE COCIÑA, 3 BAIXO, deste concello, con referencia catastral 3354914PJ13358023JW, e que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:

- ✓ De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.
- ✓ De colocar rótulo comercial, deberase presentar solicitude no rexistro do Concello coas características do rótulo indicando dimensión, sistema de anclaxe, lugar de ubicación, materiais e cores a empregar.

Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO URBANO CONSOLIDADO DA ZONA ANTIGA DE VIVEIRO (ORDENANZA 1.3)
Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.	ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARAFARMACIA CON SECCIÓN ORTOPEdia, <b>uso: COMERCIAL</b>
Orzamento de execución material.	6.588,76 euros
Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito	Rúa VICENTE COCIÑA, 3 BAIXO, deste concello, referencia catastral 3354914PJ13358023JW,
Nome ou razón social da persoa promotora	MARIA DOLORES CASARIEGO VALES (...)
Técnico autor do proxecto e se é o caso dirección facultativa de obras	Enxeñeiro: Manuel Breijo Cotelo (n.º 2040 ICOIIG)

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

**Primeira:** Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, suxeitan a licenza municipal, sen perxuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, as intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados pola súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos.

O inmovible de referencia sito en solo clasificado como urbano consolidado, atópase incluído no catálogo inventario do Plan especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Viveiro (PEPRI) polo que a solicitude debe tramitarse polo procedemento de licenza.

**Segunda:** O artigo 24.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, doo emprendemento e competitividade económica de Galicia dispón que se para o desenvolvemento dunha actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación indicada no punto 1 de dito precepto presentárase coa solicitude de licenza de obra, debendo presentar a comunicación previa para o inicio da actividade logo de rematar a obra. Nos mesmos termos se pronuncia o artigo 11.2 do Regulamento aprobado polo Decreto 144/2016, de 22 de setembro (RIAE) engadindo no artigo 13 que nos supostos de obras que teñan por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse en primeiro lugar en relación coa actividade a que vaia destinada a obra.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C5SM23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 37 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Na tramitación do expediente resulta acreditado o trámite de comprobación da actividade, téndose emitido polos servizos técnicos municipais en fecha 16 de febreiro de 2018 informe de compatibilidade da actividade de parafarmacia coa ordenación urbanística provisional e demais normativa aplicable, e a non necesidade de tramitación de procedementos de avaliación de incidencia ambiental, constando entre a documentación achegada pola mercantil promotora unha declaración de cumprimento da normativa relativa á contaminación acústica.

En relación coa documentación a chegar para o desenvolvemento da actividade, e que queda referida no antecedente primeiro deste informe, considérase axeitada e suficiente dadas as características específicas da actividade a desenvolver no local, e sen prexuízo de que unha vez rematadas as obras deberase presentar a comunicación previa de inicio e o procedemento de control e inspección de conformidade coas previsións legal e regulamentariamente establecidas.

**Terceira.-** De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento LSG, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes sectoriais, segundo se dice no informe dos servizos técnicos que consta no expediente, non precisan aportarse ao expediente autorizacións e /ou informes sectoriais. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para o outorgamento da licenza.

**Cuarta.-** - O planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.3 do Anexo ao Decreto 102/2006, que remite, en canto a condicións de edificación e usos, ao documento do PEPRÍ da zona antiga aprobado definitivamente polo Pleno do Concello o 7 de agosto de 1997 (BOP de Lugo nº 233 do 10 de outubro, así como as súas modificacións puntuais aprobadas definitivamente en datas do 31 de xullo de 2003 e do 9 de setembro de 2003. O usos permitidos son: Residencial, industrial e almacén, **comercial** e dotacional, segundo informe técnico que consta no expediente.

Do informe técnico emitido no expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación ao solo urbano consolidado e de edificacións existentes, reguladas nos puntos 1 e 10 do anexo do Decreto 102/2006.

Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución,

### INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Conceder licenza urbanística a MARIA DOLORES CASARIEGO VALES solicitude de licenza urbanística para a realización de para obras ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARAFARMACIA CON SECCIÓN ORTOPEDIA, en Rúa VICENTE COCIÑA, 3 BAIXO, deste concello, con referencia catastral 3354914PJ13358023JW, de acordo co "Proyecto de acondicionamento e instalacións para apertura de un establecemento destinado a parafarmacia con sección de produtos de ortopedia", asinado polo Enxeñeiro: Manuel Breijo Coteló (n.º 2040 ICOIIG) en Rúa Vicente Cociña, n.º 3, baixo, e baixo a súa dirección facultativa.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSN23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 36 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**SEGUNDO:** Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento, na que se identificará a persoa titular e a referencia da licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente así como, cando proceda, o certificado acústico. Non se poderá iniciar ou desenvolver a actividade ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa de inicio da actividade acompañada coa documentación indicada.

**TERCEIRO.** As CONDICIÓN PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiage.
- De colocar rótulo comercial, deberase presentar solicitude no rexistro do Concello coas características do rótulo indicando dimensión, sistema de anclaxe, lugar de ubicación, materiais e cores a empregar.

**CUARTO.** CONDICIÓN XERAIS DA LICENZA:

➤A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.

➤As obras executaranse con estrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

➤O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimismo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

➤Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

➤Régimen de caducidade das licenzas:

➤O **prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses**, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

➤O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

➤ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

➤Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTA6M5CS5W23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 39 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**QUINTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a D<sup>a</sup>. Maria Dolores Casariego Vales para a realización de obras de ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARAFARMACIA CON SECCIÓN ORTOPEDIA, en Rúa Vicente Cociña, 3 BAIXO, deste concello, con referencia catastral 3354914PJ13358023JW, de acordo co "Proxecto de acondicionamento e instalacións para apertura dun establecemento destinado a parafarmacia con sección de produtos de ortopedia", asinado polo Enxeñeiro: D. Manuel Breijo Cotelo (n.º 2040 ICOIIG) en Rúa Vicente Cociña, n.º 3, baixo, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento, na que se identificará a persoa titular e a referencia da licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente así como, cando proceda, o certificado acústico. Non se poderá iniciar ou desenvolver a actividade ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa de inicio da actividade acompañada coa documentación indicada.

Terceiro.- As CONDICIÓN PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.
- De colocar rótulo comercial, deberase presentar solicitude no rexistro do Concello coas características do rótulo indicando dimensión, sistema de anclaxe, lugar de ubicación, materiais e cores a empregar.

Cuarto.- CONDICIÓN XERAIS DA LICENZA:

➤A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.

➤As obras executaranse con estrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM6SC5M23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 40 a 75





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

➤ O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asim mesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precipcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

➤ Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

➤ Réximen de caducidade das licenzas:

➤ O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

➤ O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

➤ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

➤ Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### **EXPTE. 4854/2017.- LICENZA DE OBRA.**

Visto a solicitude de licenza de obra presentada por D. Marco Del Rio Rodriguez para executar obras de construción de VIVIENDA UNIFAMILIAR de SEMISOTO, PRANTA BAIXA en Souto das Engrovias, Viveiro, na parcela con Referencia catastral núm. 27067A061005830000XM.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto básico asinado polo arquitecto, D. José Díaz López.
- Descriptiva e gráfica datos catastrais da finca.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5CS5W23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 41 a 75

•Autoliquidación e xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, no que se indica o seguinte:

**"INFORME DO ARQUITECTO**

exp: 4854\_2017  
Marcos del Río Rodríguez

**INFORME PROXECTO BÁSICO**

**1. NORMATIVA APLICÁBEL**

Figura de planeamento municipal aplicábel	>Ordenación Urbanística Provisional, OUP, Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.
---	--

**2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:**

2.1.- Clasificación e cualificación do solo

A clasificación do solo segundo a OUP é **solo de núcleo rural**. Ordenanza de aplicación 7.

2.2.- Descrición da parcela

Datos catastrais:

Parcela A: referencia catastral nº27067A061005860000XM, polígono 61, parcela 583 Souto das Engrovias.

2.3.- Cesións de viais

Artigo 24.2 da Lei 2//2016, Réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural referido a sistema de cesión de viais, recolle, "Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso"

O artigo 92.1 da Lei 2/2016, referido a Protección das vías de circulación, recolle, "As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior".

>superficie bruta:	3.671,00 m <sup>2</sup>
>superficie cesións:	213,81m <sup>2</sup> (segundo plano de cesións)
superficie neta :	<b>3.457,19 m<sup>2</sup></b>

2.4.- Descrición das obras a realizar

Preséntase un proxecto de **construción de vivenda unifamiliar**. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais.

2.5.- Cumprimento da normativa urbanística

	PROXECTO	OUP	
Superficie de parcela	3.457,19 m <sup>2</sup>	600,00 m <sup>2</sup>	
Ocupación de parcela	134,39 m <sup>2</sup>	150,00 m <sup>2</sup>	Alturas
	S+B	S+B+BC	
Altura de cornixa frontais	5,70 m	7,00 m	Recuamentos
lindeiros	> 5m	5 m	Recuamentos
	> 3 m	3 m	
Distancia máx. viv. Existente	< 50 m.	< 50 m.	

Segundo consta no proxecto os servizos urbanísticos están garantizados, contemplándose a realización das acometidas á rede eléctrica, de auga e de tratamento das augas residuais.

2.6.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel

O arquitecto José Díaz López fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

2.7.- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de **92.570,00€**





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

### 2.8.- Condicionamentos

De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.

### 2.9.- Servizos urbanísticos pendentes

Os servizos urbanísticos pendentes a realizar consisten nas acometidas á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento. Valóranse as actuacións a realizar en 1.500,00€.

Deberase de constituír unha garantía mínima pola cantidade de **1.500,00€**, equivalente ao 100% das actuacións urbanísticas pendentes de executar.

### 2.10.- Fianza

Establécese unha fianza de **2.000,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

### 3. CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese **INFORME FAVORÁBEL**, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do Concello, no que se indica o seguinte:

**"Asunto:** Solicitud de Licencia Urbanística obra de construción de VIVIENDA UNIFAMILIAR de SEMISOTO, PRANTA BAIXA en Souto das Engrovias, Viveiro.

**Promotores:** MARCO DEL RIO RODRIGUEZ (...)

**Referencia catastral núm.** 27067A061005830000XM

**Expediente:** 4854/2017

#### Informe- Proposta de resolución


En relación co expediente relativo á licenza urbanística para executar obras de construción de VIVIENDA UNIFAMILIAR de SEMISOTO, PRANTA BAIXA en Souto das Engrovias, Viveiro, promovida por MARCO DEL RIO RODRIGUEZ (...), emito o seguinte informe-proposta de resolución de conformidade co establecido nos artigos 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (en diante, LSG), 354.3 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, e nos artigos 172 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

#### ANTECEDENTES

1. Con data 21 de agosto de 2017 tivo entrada no rexistro xeral deste Concello a solicitude de licenza urbanística presentada por MARCO DEL RIO RODRIGUEZ para executar obras de construción de VIVIENDA UNIFAMILIAR de SEMISOTO, PRANTA BAIXA en Souto das Engrovias, Viveiro, na parcela con Referencia catastral núm. 27067A061005830000XM

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proxecto básico asinado polo arquitecto José Díaz López,
- Descriptiva e grafica datos catastrais da finca
- Autoliquidación e xustificante do pagamento dos tributos municipais.





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

2. O 20 de outubro de 2017 foi emitido informe polos servizos técnicos municipais, favorable á solicitude de licenza, nas condicións expresadas no mesmo:

### 2.3.- Cesións de viais

Artigo 24.2 da Lei 2//2016, Réxime e condicións de edificación no solo de núcleo rural referido a sistema de cesión de viais, recolle, "Cando se pretenda parcelar, construír novas edificacións, substituír ou rehabilitar integralmente as existentes, as persoas propietarias deberán ceder gratuitamente ao concello os terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso"

O artigo 92.1 da Lei 2/2016, referido a Protección das vías de circulación, recolle, "As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior".

o superficie bruta: 3.671,00 m<sup>2</sup>

o superficie cesións: 213,81m<sup>2</sup> (segundo plano de cesións)

superficie neta : 3.457,19 m<sup>2</sup>

### 2.4.- Descrición das obras a realizar

Preséntase un proxecto de construción de vivenda unifamiliar. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais.

### 2.5.- Cumprimento da normativa urbanística

	PROXECTO	OUP
Superficie de parcela	3.457,19 m <sup>2</sup>	600,00 m <sup>2</sup>
Ocupación de parcela	134,39 m <sup>2</sup>	150,00 m <sup>2</sup>
Alturas	S+B	S+B+BC
Altura de cornixa	5,70 m	7,00 m
Recuamentos frontais > 5m		5 m
Recuamentos linceiros > 3 m		3 m
Distancia máx. viv. Existente < 50 m.		< 50 m.

Segundo consta no proxecto os servizos urbanísticos están garantizados, contemplándose a realización das acometidas á rede eléctrica, de auga e de tratamento das augas residuais.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSN23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 44 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

### 2.6.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel

O arquitecto José Díaz López fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

### 2.7.- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de 92.570,00€ Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

### 2.8.- Condicionamentos

De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.

### 2.9.- Servizos urbanísticos pendentes

Os servizos urbanísticos pendentes a realizar consisten nas acometidas á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento. Valóranse as actuacións a realizar en 1.500,00€. Deberase de constituír unha garantía mínima pola cantidade de 1.500,00€, equivalente ao 100% das actuacións urbanísticas pendentes de executar.

### 2.10.- Fianza

Establécese unha fianza de 2.000,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

3. CONCLUSIÓNS: Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese INFORME FAVORÁBEL, nas CONDICIÓNES expresadas nos puntos anteriores"

3. Con data 7 de xuño de 2018 foi requerida emenda de documentación, para completar a documentación que debe acompañar a solicitude de licenza. Consta no expediente que con data 18 de xuño de 2018, tivo entrada no Rexistro deste Concello a seguinte documentación requerida:

- ✓ Planos de situación, parcela, cesións de viais.
- ✓ Escritura notarial de propiedade do terreo e nota simple rexistral da finca.
- ✓ Acredita depósito da fianza.

4.Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO NÚCLEO RURAL (Ordenanza de aplicación 7)
--	---

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSN23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 45 e 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.	Proxecto <b>BÁSICO</b> . Vivenda unifamiliar de semisoto, planta baixa. (Uso: Residencial)		
<ul style="list-style-type: none"> <li>Orzamento de execución material:</li> <li>OBRAS servizos urbanísticos pendentes:</li> <li>FIANZA- GARANTÍA POSIBLES DANOS NO ESPAZO PÚBLICO:</li> </ul>	92.570,00 EUROS		
	1.500,00 EUROS		
	2.000,00 EUROS		
Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito	<b>Souto das Engrovias, Portochoa-Galdo-Viveiro.</b> <b>Refe Catastral 27067A061005860000XM</b>		
CUMPRIMENTO DA NORMATIVA URBANÍSTICA:	<b>PROXECTO</b>	<b>O.U.P. (102/2006)</b>	
(segundo informe técnico municipal (20/10/2017))	Superficie parcela	3.457,19 m <sup>2</sup>	600,00 m <sup>2</sup>
	Ocupación parcela	134,39m <sup>2</sup>	150,00m <sup>2</sup>
	Fronte mínimo parcela.	<5,00 m	5,00m.
	alturas	S+B	S+B+BC
	Altura cornixa	5,70 M.	7 m.
	Recuamento lindeiros	> 3m.	3 m.
	Distancia máx. Viv. existente	< 50m.	< 50m.
Nome ou razón social da persoa promotora	Marco del Río Rogríguez		
Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras	<b>ARQUITECT@:</b> José Díaz López. <b>DIRECCIÓN OBRA:</b> <b>Coordinador de seguridade e saúde:</b>		

5.- Consta no expediente ACTA DE CESIÓN GRATUITA DOS TERREOS DESTINADOS A VIAIS fóra das aliñacións establecidas no planeamento, de CESIÓN OBRIGATORIA . Asímesmo, consta no expediente xustificante de ter constituído unha fianza por importe de 1.500,00 euros, en garantía da execucións das obras.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

**Primeira:** Os artigos 142 LSG e e 351.1, letra a) do Regulamento LSG, suxeitan a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen proxecto de obras de edificación.

A normativa aludida nos citados preceptos é a Lei de Ordenación da Edificación no seu artigo

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5CS5W23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 46 e 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

2, que exige a redacción de proxecto para as seguintes obras: **a) Obras de edificación de nueva construción.**

O artigo 6.3 do Código Técnico de Edificación, aprobado polo Real Decreto 314/2006, de 17 de marzo, dispón que, para os efectos da súa tramitación administrativa, o contido do **proxecto básico será suficiente para solicitar a licenza municipal** de outras concesións, ou outras autorizacións administrativas, pero insuficiente para iniciar a construción do edificio, para o que se precisa o proxecto de execución.

As obras propostas, de Vivenda unifamiliar de semisoto, planta baixa (Uso: Residencial), en canto precisan de proxecto de obras, han de ser tramitadas polo procedemento de licenza.

**Segunda:** De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan exixibles nos termos da lexislación sectorial vixente.

**Terceira:** O informe do arquitecto municipal, de data 20 de outubro de 2017, constata a adecuación do acto pretendido ao planeamento urbanístico.

O Planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento. No ámbito do solo urbano de baixa densidade, regulado na Ordenanza 1.4., permítense as obras solicitadas.

**Cuarta:** De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución de obras, coa finalidade de reconstruír ou reparar os posibles danos que nel se causaren.

Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

Polo indicado, e de conformidade co establecido nos artigos 172 e seguintes do Regulamento de Organización, Funcionamento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, a que subscribe formula a seguinte

### PROPOSTA DE RESOLUCION:

**PRIMEIRO:** Conceder Licenza Municipal a MARCO DEL RÍO RODRIGUEZ para executar obras de construción de VIVIENDA UNIFAMILIAR de SEMISOTO, PRANTA BAIXA en Souto das Engrovias, Viveiro, na parcela con Referencia catastral núm. 27067A061005830000XM, de acordo co proxecto básico asinado polo arquitecto D. José Díaz López.

**SEGUNDO:** Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓN PARTICULARES, que de seguido se transcriben:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C55M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 47 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

- O promotor deberá constituir na Tesourería municipal unha **fianza de 2.000,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.
- O promotor deberá constituir na Tesourería municipal unha **garantía mínima pola cantidade de 1.500,00€**, equivalente ao 100% das actuacións urbanísticas pendentes de executar (acometidas á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento).
- Antes da iniciación das obras, e en todo caso **no prazo maximo de tres meses dende a data de concesión da licenza, os promotores deberán achegar o proxecto de execución e oficios de arquitecto, aparelador e coordinador en materia de seguridade e saúde, debidamente visados.**
- De ser necesaria a ocupación da vía pública deberase solicitar a preceptiva autorización.
- Extremaranse as medidas de seguridade, sinalización e de protección na vía pública.

### TERCEIRO: As **Condicións xerais** as que se suxeita a Licenza:

➤ A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.

➤ As obras executaranse con extrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

➤ O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

➤ Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

#### ➤ Réximen de caducidade das licenzas:

➤ O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

➤ O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSSM23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 48 e 75





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

➤ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

6) Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

**CUARTO:** Notificar a resolución que se adopte áo solicitante e trasladar o expediente á Tesourería Municipal para os efectos de notificar a obriga de constitución da fianza."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a D. Marco Del Rio Rodríguez para executar obras de construción de VIVIENDA UNIFAMILIAR de SEMISOTO, PRANTA BAIXA en Souto das Engrovias, Viveiro, na parcela con Referencia catastral núm. 27067A061005830000XM, de acordo co proxecto básico asinado polo arquitecto, D. José Díaz López.

Segundo.- Con independencia das condicións xerais ás que se atopan suxeitas tódalas licenzas urbanísticas, a presente quedará sometida ao cumprimento das CONDICIÓN PARTICULARES, que de seguido se transcriben:

- O promotor deberá constituir na Tesourería municipal unha **fianza de 2.000,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.
- O promotor deberá constituir na Tesourería municipal unha **garantía mínima pola cantidade de 1.500,00€**, equivalente ao 100% das actuacións urbanísticas pendentes de executar (acometidas á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento).
- Antes da iniciación das obras, e en todo caso **no prazo maximo de tres meses dende a data de concesión da licenza, os promotores deberán achegar o proxecto de execución e oficios de arquitecto, aparellador e coordinador en materia de seguridade e saúde, debidamente visados.**
- De ser necesaria a ocupación da vía pública deberase solicitar a preceptiva autorización.
- Extremaranse as medidas de seguridade, sinalización e de protección na vía pública.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6YY4YDQTOAMSCSSM23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 49 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Terceiro.- As **Condicións xerais** as que se suxeita a Licenza:

- A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.
- As obras executaranse con extrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.
- O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.
- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.
- Réximen de caducidade das licenzas:
  - O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.
  - O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
  - A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza de 2.000,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5C55M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 50 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

público á hora de realizar as obras de construción e unha garantía mínima pola cantidade de 1.500,00€, equivalente ao 100% das actuacións urbanísticas pendentes de executar (acometidas á rede de subministro de electricidade, abastecemento de auga e saneamento).

### EXPTE. 4578/2017.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de cambio de titularidade de licenza de obra presentada por D. Miguel Angel Cenicerós López outorgada ao seu favor por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xaneiro de 2018 para a realización de REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE BAIXO E DUAS PLANTAS E AMPLIACIÓN E REHABILITACIÓN DE PARTE DA TERCEIRA PLANTA, no INMOBLE, con referencia catastral 3251808PJ1335S000933, situado en Avda. Juan García Navia Castrillón, 11, desta localidade, a favor da entidade "PUENTE SEGADE, S.L"(...) representada por, D. Víctor Cenicerós Paredes (...).

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do Concello, no que se indica o seguinte:

**"Título:** Informe sobre comunicación de cambio de titularidad de Licenza urbanística para rehabilitación de edificio sito en Avda. Navia Castrillón, n.º 11, otorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, o 8 de xaneiro de 2018.

**Anterior titular Licencia:** Miguel Angel Cenicerós López. (...)

**Novo titular Licencia:** "FUENTE SEGADE, S.L." (...) representada por Víctor Cenicerós Paredes (...)

**Referencia catastral:** 3251808PJ13355

**Expte:** 4578/2017

### INFORME-PROPOSTA DE SECRETARÍA

En relación co expediente relativo á solicitude de TRANSMISIÓN DE licenza urbanística para REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE BAIXO E DUAS PLANTAS E AMPLIACIÓN E REHABILITACIÓN DE PARTE DA TERCEIRA PLANTA otorgada pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, o 8 de xaneiro de 2018 a favor de CENICEROS LOPEZ MIGUEL ANGEL, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** Con data 2 de agosto de 2017, ás 12:08 horas, foi presentada por CENICEROS LOPEZ MIGUEL ANGEL solicitude de cambio de titularidade de licenza urbanística outorgada ao seu favor por acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xaneiro de 2018 para a realización de REHABILITACIÓN DE EDIFICIO DE BAIXO E DUAS PLANTAS E AMPLIACIÓN E REHABILITACIÓN DE PARTE DA TERCEIRA PLANTA, no INMOBLE, con referencia catastral 3251808PJ1335S000933, situado en AVDA. JUAN GARCIA NAVIA CASTRILLÓN 11, desta localidade, a favor da entidade " PUENTE SEGADE, S.L"(...) representada por Víctor Cenicerós Paredes (...).

**SEGUNDO.** Con data 23 de febreiro de 2018, tivo entrada no rexistro do Concello a seguinte DOCUMENTACIÓN, para a súa incorporación ao expediente:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSN23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 51 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

1.- Escritura notarial de constitución de la Sociedad Limitada "PUENTE SEGADE, S.L." de data 11 de agosto de 2017, outorgada polo notario José Manuel López Cedrón, co número 2331 do seu protocolo.

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRO:** A lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e concordantes do seu Regulamento de desenrolo.

— O artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

— O artigo 15 da Ordenanza Municipal de tramitación de Licencias Urbanísticas, aprobada definitivamente polo Pleno do Concello de Viveiro na sesión do día 8 de marzo de 2007, publicada no B.O.P. de Lugo o 18 de abril de 2007, núm 88.

**SEGUNDO:** Procedemento:

#### **"Artigo 15. Transmisión da licenza urbanística"**

➤As licencias urbanísticas serán transmisibles, pero tanto o antigo como o novo titular deberán notificalo ó Concello. De non producirse dita comunicación, quedarán ambos suxeitos ás responsabilidades derivadas da actuación amparada pola licenza. Xunto coa comunicación, deberá achegarse copia da licenza que se pretende transmitir. A notificación do titular anterior poderá ser substituída polo documento público ou privado que acredite a transmisión "Intervivos" ou "mortis causa" da propiedade ou posesión do inmoble, local ou soar.

➤Os deberes urbanísticos sobre os terreos, construcións e edificacións teñen carácter real. As transmisións realizadas por actos "Intervivos" ou "mortis causa" non modificarán a situación xurídica do titular, quedando o adquirente subrogado no lugar e posto do transmitente, tanto nos seus dereitos e deberes urbanísticos como nos compromisos que este tivese acordado coa administración e fosen obxecto de inscrición rexistral."

Consta no expediente, Escritura notarial de constitución de la Sociedad Limitada "PUENTE SEGADE, S.L." de data 11 de agosto de 2017, outorgada polo notario José Manuel López Cedrón, co número 2331 do seu protocolo, NOTA SIMPLE DO REXISTO DA PROPIEDAD DE VIVEIRO, na que figura como **novo titular da finca** con Ref. Catastral 3251808PJ13355, a entidade mercantil PUENTE SEGADE S.L. (...) e así mesmo, consta copia da notificación do acordo da Xunta de Goberno Local de 8 de xaneiro de 2018, de outorgamento de Licenza no expte. 4578/2017 de data 12 de xaneiro de 2018.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a solicitude pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante Resolución de 3 de xullo de 2015.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución,

#### **INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCS8W25 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 52 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**PRIMEIRO.** Autorizar o cambio de titularidade da licenza urbanística de obra obxecto do EXPEDIENTE: 4578/2017, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria o 8 de xaneiro de 2018, pasando a figurar a nome da entidade "PUENTE SEGADE, S.L" (...).

**SEGUNDO.** Advertir ao novo titular da licencia de que as transmisións realizadas por actos "inter vivos" non modifican a situación xurídica do titular quedando o adquirente subrogado no lugar e posto do transmitente, tanto nos seus dereitos e deberes urbanísticos como nos compromisos que este tivese acordado coa administración e fosen obxecto de inscrición rexistral, e en virtude disto, o cambio de titularidade na licenza de obra **implica a obriga para o novo titular de cumprir en todo momento as condicións impostas na Licencia urbanística número de expediente 4578/2017, que literalmente se reproducen de seguido:**

" **Terceiro.-** A licenza concedida queda sometida ao cumprimento das seguintes condicións:

As establecidas no acordo de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural:

"Ao menos a carpintería exterior da fachada principal de cara á avenida Navia Castrillón será en madeira pintada con tratamento de por aberto en cor branca. E o despece será idéntico ao orixinal.

Ningún elemento da nova estrutura poderá ser visible dende o exterior. A cornixa de cuberta resolverase en madeira pintada ao igual que a existente na actualidade.

Os canlóns e baixantes serán de cinc de sección semicircular respectivamente.

Non se poderán colocar paneis solares ao tratarse de elementos atipolóxicos neste tipo de edificacións e que menoscabarían os valores característicos do contorno do ben protexido".

➤Intervención arqueolóxica ZAP: As establecidas no informe do señor Arquitecto municipal:

"Dentro deste ámbito será suficiente una supervisión puntual, a pe de obra, por parte de arqueólogo debidamente autorizado, das remocións de terra nas que puideran acharse niveis ou estruturas susceptibles de ser tratadas con metodoloxía arqueolóxica, plantexándose, si fose necesario, unha escavación en área. Deberase elaborar un proxecto de intervención arqueolóxica.


Co nº 6553 de 19 de outubro de 2017 no rexistro xeral de entrada no Concello de Viveiro achégase documentación asinada polo arquitecto José Díaz López na que se definen as cotas de cimentación que se van acadar na execución da obra, non superando en ningún caso a rasante actual da rúa. Por tal razón e debido a non necesidade de facer remocións de terra por debaixo da cota da rúa, enténdese non necesario a presentación dun proxecto de intervención arqueolóxica"

De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, deberá solicitar e obter a previa autorización municipal. Deberán extremarse as medidas de seguridade, sinalización e de protección da vía pública.

Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal.

✓ A colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas que integran a Dirección Facultativa e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

- ✓ *Antes do comezo das obras o interesado deberá prestar garantía por importe de 6.000 euros para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar tanto no espazo como nos servizos públicos á hora de realizar as obras de construción.*
- ✓ *Deberá proceder á construción e reposición da totalidade dos servizos municipais na vía ou vías ás que da fronte, igualando rasantes, cores e tonalidades dos materiais, así como das pezas mal asentadas ou rotas.*
- ✓ *Seguridade e saúde: deberán cumprirse estritamente todas e cada unha das medidas e previsións que se recollen no proxecto de seguridade e saúde ou, no seu caso, no estudio básico, incorporado ao proxecto técnico.*
- ✓ *Guindastre: A autorización do mesmo é competencia autonómica, sendo competencia municipal a relativa a ocupación do dominio público, tanto no solo como no vo, debendo a este efectos solicitar e obter a previa autorización municipal. Para a instalación do mesmo será preciso obter a previa licenza autorización demanial municipal e acreditar diante do concello que se dispón da autorización autonómica.*
- ✓ *Entullos: Os entullos que se xeneren deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.*
- ✓ *Imposto sobre Bens Inmóveis: Debe de darse de alta no IBI nos prazos sinalados na lexislación reguladora do imposto, artigo 76 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo TRLFL.*
- *Licenza primeira utilización: Non poderá procederse á ocupación total ou parcial da edificación ata que sexa concedida polo órgano competente do concello a licenza de primeira utilización."*

**TERCEIRO.** *Notificar a presente resolución aos interesados aos efectos oportunos, así como ao departamento de urbanismo para a súa inclusión no expediente."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Autorizar o cambio de titularidade da licenza urbanística de obra obxecto do EXPEDIENTE: 4578/2017, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria o 8 de xaneiro de 2018, pasando a figurar a nome da entidade "PUENTE SEGADE, S.L" (...).

Segundo.- Advertir ao novo titular da licencia de que as transmisións realizadas por actos "inter vivos" non modifican a situación xurídica do titular quedando o adquirente subrogado no lugar e posto do transmitente, tanto nos seus dereitos e deberes urbanísticos como nos compromisos que este tivese acordado coa administración e fosen obxecto de inscrición rexistral, e en virtude disto, o cambio de titularidade na licenza de obra **implica a obriga para o novo titular de cumprir en todo momento as condicións impostas na Licencia urbanística número de expediente 4578/2017, que literalmente se reproducen de seguido:**

" **Terceiro.-** A licenza concedida queda sometida ao cumprimento das seguintes condicións:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

➤As establecidas no acordo de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural:

"Ao menos a carpintería exterior da fachada principal de cara á avenida Navia Castrillón será en madeira pintada con tratamento de por aberto en cor branca. E o despece será idéntico ao orixinal.

Ningún elemento da nova estrutura poderá ser visible dende o exterior. A cornixa de cuberta resolverase en madeira pintada ao igual que a existente na actualidade. Os canlóns e baixantes serán de cinc de sección semicircular respectivamente.

Non se poderán colocar paneis solares ao tratarse de elementos atipolóxicos neste tipo de edificacións e que menoscabarían os valores característicos do contorno do ben protexido".

➤Intervención arqueolóxica ZAP: As establecidas no informe do señor Arquitecto municipal:

"Dentro deste ámbito será suficiente una supervisión puntual, a pe de obra, por parte de arqueólogo debidamente autorizado, das remocións de terra nas que puideran acharse niveis ou estruturas susceptibles de ser tratadas con metodoloxía arqueolóxica, plantexándose, si fose necesario, unha escavación en área. Deberase elaborar un proxecto de intervención arqueolóxica.

Co nº 6553 de 19 de outubro de 2017 no rexistro xeral de entrada no Concello de Viveiro achégase documentación asinada polo arquitecto José Díaz López na que se definen as cotas de cimentación que se van acadar na execución da obra, non superando en ningún caso a rasante actual da rúa. Por tal razón e debido a non necesidade de facer remocións de terra por debaixo da cota da rúa, enténdese non necesario a presentación dun proxecto de intervención arqueolóxica"

- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, deberá solicitar e obter a previa autorización municipal. Deberán extremarse as medidas de seguridade, sinalización e de protección da vía pública.
- Será requisito indispensable dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal.
- A colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas que integran a Dirección Facultativa e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- Antes do comezo das obras o interesado deberá prestar garantía por importe de 6.000 euros para responder dos posibles danos que se poidan ocasionar tanto no espazo como nos servizos públicos á hora de realizar as obras de construción.
- Deberá proceder á construción e reposición da totalidade dos servizos municipais na vía ou vías ás que da fronte, igualando rasantes, cores e tonalidades dos materiais, así como das pezas mal asentadas ou rotas.
- Seguridade e saúde: deberán cumprirse estritamente todas e cada unha das medidas e previsións que se recollen no proxecto de seguridade e saúde ou, no seu caso, no estudio básico, incorporado ao proxecto técnico.
- Guindastre: A autorización do mesmo é competencia autonómica, sendo competencia municipal a relativa a ocupación do dominio público, tanto no solo como no vo, debendo a este efectos solicitar e obter a previa

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C5SM23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 55 e 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

autorización municipal. Para a instalación do mesmo será preciso obter a previa licenza autorización demanial municipal e acreditar diante do concello que se dispón da autorización autonómica.

- *Entullos: Os entullos que se xeneren deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.*
- *Imposto sobre Bens Inmóbles: Debe de darse de alta no IBI nos prazos sinalados na lexislación reguladora do imposto, artigo 76 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo TRLFL.*
- *Licenza primeira utilización: Non poderá procederse á ocupación total ou parcial da edificación ata que sexa concedida polo órgano competente do concello a licenza de primeira utilización."*

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan.

### EXPTE. 6061/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza de obra presentada por D. Pedro López Castro (...) solicitude de licenza urbanística para a AMPLIACIÓN E REFORMA EN VIVIDENDA FAMILIAR DE SEMISOTO E PLANTA BAIXA en Santo Alvites, N.º 12- Viveiro, con referencia catastral 3664111PJ336S0001XE.

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, no que se indica o seguinte:

#### "INFORME DO ARQUITECTO

exp: 6061\_2017  
Pedro López Castro

#### INFORME PROXECTO BÁSICO e de EXECUCIÓN

##### 1. NORMATIVA APLICÁBEL

Figura de planeamento municipal aplicábel	➤ Ordenación Urbanística Provisional, OUP, Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.
---	---

##### 2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

###### 2.1.- Clasificación e cualificación do solo

- A clasificación do solo segundo a OUP é **solo de núcleo rural**. Ordenanza de aplicación 7.
- A clasificación do solo segundo a OUP é **solo rústico especialmente protexido**. Ordenanza de aplicación 9.

###### 2.2.- Descrición da parcela

###### Datos catastrais:

Parcela A: referencia catastral nº3664111PJ336S0001XE, Cr Santo Alvites, A 12

Superficie catastral: 1.194,00 m<sup>2</sup>.

➤ superficie solo de núcleo rural:	607,00 m <sup>2</sup>	
➤ superficie solo rústico:	587,00 m <sup>2</sup>	
superficie total:		1.194,00 m <sup>2</sup>

###### 2.3.- Descrición das obras a realizar

Preséntase un proxecto básico e de execución de **ampliación de vivenda unifamiliar**. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018





forma e materiais empregados incorporando solucións actuais.

### 2.4.- Cumprimento da normativa urbanística

	PROXECTO	OUP	
Superficie de parcela	607,00 m <sup>2</sup>	600,00 m <sup>2</sup>	
Ocupación de parcela	110,09 m <sup>2</sup>	150,00 m <sup>2</sup>	Alturas
	S+B	S+B+I+BC	
Altura de cornixa	> 5m	6,55m	7,00m Recuamentos
frontais	> 3 m	5 m	Recuamentos lineiros
	3 m		
Distancia máx. viv. Existente	< 50 m.	< 50 m.	

Segundo consta no proxecto os servizos urbanísticos están garantizados, contemplándose a realización das acometidas á rede eléctrica, de auga e de tratamento das augas residuais.

### 2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel

O arquitecto José Díaz López fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

### 2.6.- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de **32.410,59€**

Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

### 2.7.- Condicionamentos

De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.

### 2.8.- Fianza

Establécese unha fianza de **900,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

## 3. CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese **INFORME FAVORÁBEL**, nas **CONDICIÓNS** expresadas nos puntos anteriores."

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do Concello, no que se indica o seguinte:

**"Expediente:** 6061/2017

**Procedemento:** Licenza Urbanística obra **AMPLIACIÓN E REFORMA EN VIVIDENDA FAMILIAR DE SEMISOTO E PLANTA BAIXA** en **SANTO ALVITES, N.º 12- VIVEIRO**

**REF. CATASTRAL:** 3664111PJ336S0001XE

**Promotor:** PEDRO LOPEZ CASTRO (..)

## INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCION

En relación co expediente relativo á licenza urbanística para a realización de obras de **AMPLIACIÓN E REFORMA EN VIVIDENDA FAMILIAR DE SEMISOTO E PLANTA BAIXA** en **SANTO ALVITES, N.º 12- VIVEIRO**, promovido por **PEDRO LOPEZ CASTRO (...)** emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 e seguintes do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, con base ós seguintes,

## ANTECEDENTES





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**PRIMEIRO.** Con data 25 de outubro de 2017 foi presentada por PEDRO LOPEZ CASTRO (...) solicitude de licenza urbanística para a AMPLIACIÓN E REFORMA EN VIVIDENDA FAMILIAR DE SEMISOTO E PLANTA BAIXA en SANTO ALVITES, N.º 12- VIVEIRO, con referencia catastral 3664111PJ336S0001XE.

Coa solicitude achegou a seguinte documentación:

- Autoliquidación-xustificante do aboamento dos tributos municipais;
- Proxecto básico e de execución en formato CD redactado por arquitecto José Díaz López, co visado regulamentario do COAG
- \_ Folla de Estadística.

\_ Oficio de dirección facultativa a favor de DON JOSE DIAZ LOPEZ, con Visado COAG 1705853 de data 09/10/2017

A devandita documentación completouse, mediante escrito rexistrado de entrada en data 3 de xaneiro de 2018, no que se incorporou a seguinte documentación:

- Plano de situación e emprazamento do estado actual edificación.
- Plano n.º 02 modificado no que se reflexa a parte a ampliar do estado actual.
- Nova reprodución da documentación aportada coa solicitude en formato dixital, según as indicación do requerimento

**SEGUNDO:** En cumprimento co disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, emitíuse informe técnico en sentido favorable á concesión da licenza urbanística para a realización das actuacións antes sinaladas en data 2 de febreiro de 2018.

A clasificación do solo no que se ubica o inmovible obxecto das actuacións propostas é o de núcleo rural, resultándolle de aplicación a ordenación prevista no punto 7 e 9 do Anexo do Decreto 102/2006, polo que se aproba a ordenación urbanística provisional;

Aos anteriores feitos resultanlles de aplicación as seguintes,

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**PRIMEIRA:** A licenza urbanística ten por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo especificados no artigo 142.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia. Entre tales actos, a letra a) do precepto citado menciona os actos que precisen de proxecto de obras consonte a normativa xeral de ordenación da edificación. E conforme dispón o artigo 2.2, letra b) da Lei 38/1999, de 5 de novembro, de ordenación da edificación, requiren de proxecto as intervencións sobre os edificios existentes, sempre e cando alteren a súa configuración arquitectónica entendendo por tales, entre outros aspectos, a variación esencial da composición xeral exterior.

En consecuencia, o procedemento aplicable ao outorgamento da licenza para a rehabilitación da vivenda unifamiliar é o establecido no artigo 143 LSGa

**SEGUNDA:** O procedemento para levar a cabo a concesión da licenza urbanística é o seguinte:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C5SN23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 56 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

A. Presentada solicitude de licenza urbanística á que se fixo achega da documentación esixida pola normativa vixente (artigo 143,3 da Lei 2/2016), fanse precisos, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da mesma Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, informe técnico e xurídico dos Servizos Municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística; facendose constar, no referido informe técnico, se fose necesario algún outro informe ou autorización doutra Administración ou da Comunidade Autónoma, de forma tal que, de ser precisos aqueles, o Concello remitiralles o expediente para que emitan informe en materia das súas competencias; informes todos eles que deberán constar no procedemento que nos ocupa con carácter previo á concesión da licenza.

B. Emitidos os informes preceptivos, e previo informe-proposta de resolución, corresponderá á Alcaldía, como órgano competente en aplicación do previsto no artigo 21.1 q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e no artigo 61.1 o) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en relación co artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia resolver sobre o outorgamento da licenza.

C. Na Resolución da licenza deberán facerse constar os seguintes extremos esixidos no artigo 357.4 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da LSG, a saber:

- Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación.
- Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.
- Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos.
- Orzamento de execución material.
- Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito
- Nome ou razón social da persoa promotora
- Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras
- Prazos para o inicio e a terminación das obras e posibilidade de solicitar prórrogas

D. A Resolución de Alcaldía será notificada ós interesados na forma esixida pola normativa en materia de procedemento administrativo común, contando o órgano municipal competente cun prazo máximo para resolver, en virtude do artigo 143.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, de tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local, por delegación de atribucións da Alcaldía ditada mediante resolución de 3 de xullo de 2015.

**TERCEIRA.-** De conformidade co disposto nos artigos 1 e 3 do Decreto de 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e no artigo 24.5 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobada polo Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os Concellos están facultados para intervir a actividade dos administrados mediante a esixencia de depósito previo de garantías que sirvan para responder dos danos que poideran ocasionarse no dominio público con ocasión da execución

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO  
Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



de obras, coa finalidade de reconstruir ou reparar os posibles danos que nel se causaren.

Segundo o informe técnico emitido polo arquitecto municipal deberá establecerse unha fianza de **900,00 euros en concepto de garantía** para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público.

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**PRIMEIRO.** Conceder a PEDRO LOPEZ CASTRO (...) solicitude de licenza urbanística para a **AMPLIACIÓN E REFORMA EN VIVIDENDA FAMILIAR DE SEMISOTO E PLANTA BAIXA en SANTO ALVITES, N.º 12- VIVEIRO, con referencia catastral 3664111PJ33650001XE, de acordo coas seguintes determinacións:**

**A)** As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de planeamento vixentes na localidade, debéndose respectar a máis o establecido no Plan ou estudo de seguridade aportado.

**B)** O promotor eberá constituir na Tesourería municipal unha fianza de 900,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de rehabilitación e ampliación.


**c)** As mesmas terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

**D) CONDICIONS ESPECÍFICAS** recollidas no informe técnico que obra no expediente do seguinte tenor literal:

*"De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza."*

**SEGUNDO.** Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO DE NÚCLEO RURAL																								
Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.	AMPLIACIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR (USO RESIDENCIAL)																								
Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos.	<table border="0"> <thead> <tr> <th></th> <th>PROXECTO</th> <th>OUP</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>Superfic de parcela</td> <td>607,00 m2</td> <td>600,00m2</td> </tr> <tr> <td>Ocupac de parcela</td> <td>110,09 m2</td> <td>150,00m2</td> </tr> <tr> <td></td> <td>S+B</td> <td>S+B+I+BC</td> </tr> <tr> <td>Altura de cornixa</td> <td>6,55m</td> <td>7,00m</td> </tr> <tr> <td>Recuament frontais</td> <td>&gt; 5m</td> <td>5m</td> </tr> <tr> <td>Recuamentos linde</td> <td>&gt; 3 m</td> <td>3 m</td> </tr> <tr> <td>Distancia máx. viv. Exist</td> <td>&lt; 50 m.</td> <td>&lt; 50 m.</td> </tr> </tbody> </table>		PROXECTO	OUP	Superfic de parcela	607,00 m2	600,00m2	Ocupac de parcela	110,09 m2	150,00m2		S+B	S+B+I+BC	Altura de cornixa	6,55m	7,00m	Recuament frontais	> 5m	5m	Recuamentos linde	> 3 m	3 m	Distancia máx. viv. Exist	< 50 m.	< 50 m.
	PROXECTO	OUP																							
Superfic de parcela	607,00 m2	600,00m2																							
Ocupac de parcela	110,09 m2	150,00m2																							
	S+B	S+B+I+BC																							
Altura de cornixa	6,55m	7,00m																							
Recuament frontais	> 5m	5m																							
Recuamentos linde	> 3 m	3 m																							
Distancia máx. viv. Exist	< 50 m.	< 50 m.																							
Orzamento de execución material.	32.410,59 EUROS																								
Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito	LG. SANTO ALVITES, N.º 2- VIVEIRO, <b>referencia catastral 3664111PJ33650001XE</b>																								





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Nome ou razón social da persoa promotora	PEDRO LOPEZ CASTRO (...)
Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras	ARQUITECT@: JOSE DIAZ LOPEZ DIRECCIÓN OBRA: JOSE DIAZ LOPEZ

**TERCEIRO.-** Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos. Dar traslado a Tesorería do Concello para que proceda ao cobro da fianza esixida por importe de 900 euros."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Pedro López Castro (...) solicitude de licenza urbanística para a AMPLIACIÓN E REFORMA EN VIVIDENDA FAMILIAR DE SEMISOTO E PLANTA BAIXA en Santo Alvites, N.º 12- VIVEIRO, con referencia catastral 3664111PJ336S0001XE, de acordo coas seguintes determinacións:

A) As obras axustaranse na súa execución ao proxecto técnico e ás Memorias presentados xunto coa solicitude e ás Normas de planeamento vixentes na localidade, debéndose respectar a máis o establecido no Plan ou estudo de seguridade aportado.

B) O promotor eberá constituir na Tesourería municipal unha fianza de 900,00 € en concepto de garantía para reparación de posíbeis danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de rehabilitación e ampliación.

C) As mesmas terán que comezar nun prazo máximo de seis meses a partir da notificación da presente resolución, sendo en todo caso a duración máxima de execución da obra de tres anos, a contar tamén a partir da notificación desta resolución.

D) CONDICIONS ESPECÍFICAS recollidas no informe técnico que obra no expediente do seguinte tenor literal:


"De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza."

Segundo.- Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO DE NÚCLEO RURAL
Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.	AMPLIACIÓN VIVENDA UNIFAMILIAR (USO RESIDENCIAL)
Altura, volumes e ocupación de parcelas permitidos.	

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSN23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 61 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

	PROXECTO	OUP
	Superfic de parcela 607,00 m <sup>2</sup>	600,00m <sup>2</sup>
	Ocupac de parcela 110,09 m <sup>2</sup>	150,00m <sup>2</sup>
	S+B	S+B+I+BC
	Altura de cornixa 6,55m	7,00m
	Recuament frontais > 5m	5m
	Recuamentos linde > 3 m	3 m
	Distancia máx. viv. Exist < 50 m.	< 50 m.
Orzamento de execución material.	32.410,59 EUROS	
Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito	LG. SANTO ALVITES, N.º 2- VIVEIRO, <b>referencia catastral</b> 3664111PJ336S0001XE	
Nome ou razón social da persoa promotora	PEDRO LOPEZ CASTRO (...)	
Técnico autor do proxecto e, se é o caso, dirección facultativa das obras	ARQUITECT@: JOSE DIAZ LOPEZ  DIRECCIÓN OBRA: JOSE DIAZ LOPEZ	

Terceiro.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza esixida por importe de 900 euros.

### EXPTE. 6590/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por PESQUERA CABALEIRO UNO, S.L. (...) na súa representación D. Ramón Pérez Rodríguez (...), para a realización de para obras REFORMA DUN BAIXO CON ADICCIÓN DUNHA ENTREPLANTA en RUA LAVANDEIRAS, 4 BAIXO, Celeiro- Viveiro, con número de Referencia Catastral: 3472402PJ1337S0003MX.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proyecto Básico e de execución de reforma en baixo e entreplanta, asinado polo arquitecto: Francisco Hermida Trastoy en LAVANDEIRAS, 4 BAIXO, Celeiro- Viveiro.
- Declaración Responsable sobre cumprimento de normativa de Ruidos asinada.
- Acreditación de cumprimento da normativa aplicable asinado por técnico competente.
- Oficio de asignación de dirección de obra.
- Autoliquidación e xustificante de pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable emitido pola arquitecta-técnica da Oficina de Rehabilitación.

**"INFORME TÉCNICO SOBRE A COMPATIBILIDADE DA IMPLANTACIÓN DUN ESTABLECEMENTO DESTINADO A OFICINA E ALMACÉN EN LAVANDEIRAS Nº 4 COA ORDENANZA URBANÍSTICA PROVISIONAL E A NORMATIVA TÉCNICA APLICABLE.**

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5CS5W23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 62 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**Promotor:** "Pesqueras Cabaleiro Uno S.L."

**Representante:** Ramón Pérez Rodríguez

**Situación:** Rúa Lavandeiras, n.º 4 baixo, Celeiro

**Referencia catastral:** 3472402Pj1337S0003MX

**Expediente Xestiona:** 6590/2017

En relación á solicitude de informe técnico sobre a compatibilidade da actividade solicitada por **Ramón Pérez Rodríguez** en calidade de representante da empresa "**Pesqueras Cabaleiro Uno S.L.**" para a apertura dun **ESTABLECEMENTO DESTINADO A OFICINA E ALMACÉN** no baixo ubicado na rúa Lavandeiras n.º 4 de Viveiro, Ana Coya Guerrero, Arquitecta Técnica-Enxeñeira de Edificación da Oficina de Rehabilitación de Viveiro **INFORMA:**

1. Trala aprobación do **Decreto 102/2006, de 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento<sup>(1)</sup>**, a edificación está regulada pola **ORDENANZA 1.5.3 de solo urbano de media densidade**. Dentro desta ordenanza están permitidos, en planta baixa e primeira alta, os seguintes usos: hoteleiro, comercial, artesanal, **oficinas**, espectáculos públicos e actividades recreativas, sociais, culturais, deportivos, relixiosos, docentes, sanitarios, asistenciais, garaxes e servizos do automóbil".
2. Que segundo o "**Proxecto básico e de execución de reforma en baixo e entreplanta**" redactado polo arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy, a actividade solicitada non inclúe ningún tipo de equipo ou maquinaria susceptible de crear ruidos ou vibracións, tal e como se describe no apartado 1.6.5 do proxecto. Con data 7 de xaneiro do ano en curso e número de rexistro 2018-E-RC-793 o solicitante acredita que non se superan os 70 dB polo que **NON** é necesario a presentación de certificado acústico tal e como establece o Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre a contaminación acústica de Galicia.
3. Que o desenvolvemento da actividade non xenera ningún tipo de emisións ou vertidos que deberan ser tratados antes de ser expulsados á atmósfera ou vertidos á rede de saneamento municipal. Igualmente non se xenera ningún tipo de residuo perigoso que deba ser xestionado por empresas especializadas, tal e como se describe no apartado 1.6.5.
4. Que **NON** é necesario tramitar o procedemento de incidencia ambiental, debido a que a actividade a desenvolver non se atopa dentro dos supostos recollidos no Anexo "Catálogo de actividades sometidas a incidencia ambiental" da **Lei 9/2013, de 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia<sup>(2)</sup>**.

**CONCLUSIÓN: Por todo o exposto anteriormente, a actividade solicitada cumpre coa ordenanza urbanística provisional e a normativa técnica aplicable.**

Visto o informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal, no que se indica o seguinte:

**"INFORME DO ARQUITECTO**

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSSW23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 63 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

exp: 6590\_2017  
Pesqueras Cabaleiro Uno, s.l.  
Ramón Pérez Rodríguez

### INFORME PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN

#### 1. NORMATIVA APLICÁBEL

Figura de planeamento municipal aplicábel	Ordenación Urbanística Provisional, [OUP], Decreto 102/2006, modificada polo decreto 89/2010.
---	---

#### 2. INFORME SOBRE A SOLICITUDE:

##### 2.1.- Clasificación e cualificación do solo

A clasificación do solo segundo a OUP é **solo urbano de media densidade**. Ordenanza 1.5.

##### 2.2.- Descrición da parcela

referencia catastral nº3472402Pj133750003MX.

##### 2.3.- Descrición das obras a realizar

Preséntase un proxecto básico e de execución para **reformas en baixo e entrechán**, consistentes na execución dun forxado para o entrechán a altura do existente, unha rampla de entrada para vehículos, vestíbulo de entrada e escaleiras de acceso ao entrechán. Modifícase as fachadas coa apertura de novos ocos. O baixo acondiciónase para almacén e o entrechán para oficinas. As propostas adecúanse ao entorno onde se atopa atendendo á súa forma e materiais empregados incorporando solucións actuais.

##### 2.4.- Cumprimento da normativa urbanística

Non se modifican as condicións da edificación existente. Dase cumprimento ao disposto na ordenanza de aplicación. Segundo consta no proxecto os servizos urbanísticos están garantidos, e as acometidas á rede eléctrica, de auga e de tratamento das augas residuais realizadas.

##### 2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel

O arquitecto Francisco J. Hermida Trastoy fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.

##### 2.6.- Orzamento

O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de **50.990,85 €**. Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.

##### 2.7.- Fianza

Establécese unha fianza de **1.500,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.

##### 2.8.- Condicionamentos

De ser necesario a ocupación da vía pública deberase solicitar a preceptiva autorización. Extremaranse as medidas de seguridade, sinalización e de protección na vía pública.

#### 3. CONCLUSIÓNS:

Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese **INFORME FAVORÁBEL**, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do Concello, no que se indica o seguinte:

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C55M25 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 64 a 75





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**"Título:** Informe sobre Licenza urbanística para REFORMA DUN BAIXO CON ADICCIÓN DUNHA ENTREPLANTA

**Situación:** RUA LAVANDEIRAS, 4 BAIXO, Celeiro- Viveiro.

**Referencia catastral:** 3472402PJ1337S0003MX

**Solicitante:** PESQUERA CABALEIRO UNO, S.L. (B 27428812) na súa representación Don. Ramón Pérez Rodríguez (...)

**Expediente:** 6590/2017

### INFORME-PROPOSTA

En relación co expediente relativo á licenza urbanística para obras REFORMA DUN BAIXO CON ADICCIÓN DUNHA ENTREPLANTA.

**Síto en:** RUA LAVANDEIRAS, 4 BAIXO, Celeiro- Viveiro, emito o seguinte informe-proposta de resolución, de conformidade co establecido no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no artigo 172 a 175 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, con base aos seguintes,

### ANTECEDENTES DE FEITO

**PRIMEIRO.** Con data 20 de novembro de 2017, foi presentada por PESQUERA CABALEIRO UNO, S.L. (...) na súa representación Don. Ramón Pérez Rodríguez (...), solicitude de licenza urbanística para a realización de para obras REFORMA DUN BAIXO CON ADICCIÓN DUNHA ENTREPLANTA en RUA LAVANDEIRAS, 4 BAIXO, Celeiro- Viveiro, con número de Referencia Catastral: 3472402PJ1337S0003MX.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- Proyecto Básico e de execución de reforma en baixo e entreplanta, asinado polo arquitecto: Francisco Hermida Trastoy en LAVANDEIRAS, 4 BAIXO, Celeiro- Viveiro.
- Declaración Responsable sobre cumprimento de normativa de Ruidos asinada.
- Acreditación de cumprimento da normativa aplicable asinado por técnico competente.
- Oficio de asignación de dirección de obra
- Autoliquidación e xustificante de pagamento dos tributos municipais.

**SEGUNDO.** Con data 8 de febreiro de 2018, pola arquitecta técnica D. Ana Coya Guerrero, foi emitido informe favorable, relativo a compatibilidade da implantación da actividade establecemento destinado a oficina e almacén coa ordenanza urbanística provisional e normativa técnica aplicable.

**TERCEIRO.-** En relación co expediente de licenza urbanística referenciado, con data 9 de febreiro de 2018, en cumprimento do disposto no artigo 143.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, foi emitido informe dos Servizos Técnicos, en sentido favorable á concesión da licenza urbanística, e que somete a autorización ao cumprimento das seguintes condicións:

➤ De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiage.

Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO URBANO DE MEDIA DENSIDADE (ORDENANZA 1.5)
Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.	REFORMA DUN BAIXO CON ADICCIÓN DUNHA ENTREPLANTA <b>uso:</b> COMERCIAL

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAMSCSN23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/ Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 65 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Orzamento de execución material.	50.990,85 euros
Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito	<b>Situación:</b> RUA LAVANDEIRAS, 4 BAIXO, Celeiro-Viveiro. <b>Referencia catastral:</b> 3472402PJ133750003MX
Nome ou razón social da persoa promotora	<b>Solicitante:</b> PESQUERA CABALEIRO UNO, S.L. (...) na súa representación Don. Ramón Pérez Rodríguez (...)
Técnico autor do proxecto e se é o caso dirección facultativa de obras	Francisco Hermida Trastoy

### CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

**Primeira:** Os artigos 142 e seguintes da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, suxeitan a licenza municipal, sen perxuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, entre outros, están suxeitos a licenza urbanística "los actos de edificación y uso del suelo y del subsuelo que, con arreglo a la normativa general de ordenación de la edificación, precisen de proyecto de obras de edificación". No mesmo sentido se pronuncia o artigo 351 do Decreto 143/2016, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

A Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación establece no seu artigo 2.2 as obras que requiren de proxecto. Entre elas requirirán proxecto as seguintes:

"Todas las intervenciones sobre los edificios existentes, siempre y cuando alteren su configuración arquitectónica, entendiéndose por tales las que tengan carácter de intervención total o las parciales que produzcan una variación esencial de la composición general exterior, la volumetría, o el conjunto del sistema estructural, o tengan por objeto cambiar los usos característicos del edificio."

A tenor do disposto no presente punto, as obras obxecto deste expediente requiren de licenza urbanística, segundo o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e do seu Regulamento de desenvolvemento, en consonancia coa Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación.

Segundo se indicou nos antecedentes, o interesado presentou solicitude de licenza urbanística.

**Segunda:** O artigo 24.2 da Lei 9/2013, de 19 de decembro, doo emprendemento e competitividade económica de Galicia dispón que se para o desenvolvemento dunha actividade é precisa a realización dunha obra, a documentación indicada no punto 1 de dito precepto presentárase coa solicitude de licenza de obra, debendo presentar a comunicación previa para o inicio da actividade logo de rematar a obra. Nos mesmos termos se pronuncia o artigo 11.2 do Regulamento aprobado polo Decreto 144/2016, de 22 de setembro (RIAE) engadindo no artigo 13 que nos supostos de obras que teñan por obxecto o desenvolvemento dunha actividade, as facultades municipais de comprobación, control e inspección exerceranse en primeiro lugar en relación coa actividade a que vaia destinada a obra.

Na tramitación do expediente resulta acreditado o trámite de comprobación da actividade, téndose emitido polos servizos técnicos municipais en fecha 8 de febreiro de 2018 informe de compatibilidade da actividade de oficina e almacen coa ordenación urbanística provisional

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C55M25 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 66 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

e demais normativa aplicable, e a non necesidade de tramitación de procedementos de avaliación de incidencia ambiental, constando entre a documentación achegada pola mercantil promotora unha declaración de cumprimento da normativa relativa á contaminación acústica.

En relación coa documentación a chegar para o desenvolvemento da actividade, e que queda referida no antecedente primeiro deste informe, considérase axeitada e suficiente dadas as características específicas da actividade a desenvolver no local, e sen prexuízo de que unha vez rematadas as obras deberase presentar a comunicación previa de inicio e o procedemento de control e inspección de conformidade coas previsións legal e regulamentariamente establecidas.

**Terceira.-** De conformidade co disposto nos artigos 143 LSG e 350 do Regulamento LSG, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes sectoriais, segundo se dice no informe dos servizos técnicos que consta no expediente, non precisan aportarse ao expediente autorizacións e /ou informes sectoriais. O expediente dispón da documentación completa, necesaria para o outorgamento da licenza.

**Cuarta.-** - O planeamento aplicable para a resolución da solicitude de licenza urbanística é o contido no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento.

A ordenanza de aplicación ao solo urbano da zona antiga de Viveiro é a regulada no punto 1.5 do Anexo ao Decreto 102/2006. O usos permitidos son: Residencial, industrial e almacén, **comercial** e dotacional, segundo informe técnico que consta no expediente.

Do informe técnico emitido no expediente de licenza de obras conclúese que as obras propostas cumpren coa normativa urbanística e técnica así como coa ordenanza de aplicación ao solo urbano consolidado e de edificacións existentes, reguladas nos puntos 1 e 10 do anexo do Decreto 102/2006.

Visto canto antecede, este servizo considera que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

Por iso, de conformidade co establecido no artigo 172 e seguintes do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución,


### INFORME-PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

**PRIMEIRO.** Conceder licenza urbanística a PESQUERA CABALEIRO UNO, S.L. (...) na súa representación Don. Ramón Pérez Rodríguez (...), solicitude de licenza urbanística para a realización de para obras REFORMA DUN BAIXO CON ADICCIÓN DUNHA ENTREPLANTA en RUA LAVANDEIRAS, 4 BAIXO, Celeiro- Viveiro, con número de Referencia Catastral: 3472402PJ133750003MX, de acordo co "Proyecto Básico e de execución de reforma en baixo e entreplanta", asinado polo arquitecto: Francisco Hermida Trastoy, e baixo a súa dirección facultativa.

**SEGUNDO:** Logo de rematar a obra, presentarase comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento, na que se identificará a persoa titular e a referencia da licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente así como, cando proceda, o certificado acústico. Non se poderá iniciar ou desenvolver a actividade ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa de inicio da actividade acompañada coa documentación indicada.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C5SN23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 67 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

**TERCEIRO.** As CONDICIÓN PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

- ✓ De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.

**CUARTO.** CONDICIÓN XERAIS DA LICENZA:

•A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.

•As obras executaranse con estrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

•O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimesmo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precripcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

•Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluir ou diminuir a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

•Réximen de caducidade das licenzas:

➤O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

➤O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

➤ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

•Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

•O interesado deberá depositar nas arcas municipais unha **fianza de 1.500,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción, segundo o disposto no informe técnico.

**QUINTO.-** Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos, dar traslado a Tesorería para que proceda a liquidación da fianza de 1.500 euros."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, en base aos antecedentes obrantes no expediente e en base á proposta de resolución emitida pola

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C55M23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 66 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

técnica de urbanismo, acorda:

Primeiro.- Conceder licenza urbanística a, PESQUERA CABALEIRO UNO, S.L. (...) na súa representación D. Ramón Pérez Rodríguez (...), para a realización de para obras REFORMA DUN BAIXO CON ADICCIÓN DUNHA ENTREPLANTA en RUA LAVANDEIRAS, 4 BAIXO, Celeiro- Viveiro, con número de Referencia Catastral: 3472402PJ1337S0003MX, de acordo co "Proyecto Básico e de execución de reforma en baixo e entreplanta", asinado polo arquitecto: Francisco Hermida Trastoy, e baixo a súa dirección facultativa.

Segundo.- Logo de rematar a obra, presentarse comunicación previa para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento, na que se identificará a persoa titular e a referencia da licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente así como, cando proceda, o certificado acústico. Non se poderá iniciar ou desenvolver a actividade ata que estean as obras ou instalacións totalmente finalizadas e se presente a comunicación previa de inicio da actividade acompañada coa documentación indicada.

Terceiro.- As CONDICIÓN PARTICULARES as que se suxeita a licenza son as seguintes:

- ✓ De ser necesaria a ocupación de vía pública para as labores a realizar deberase solicitar a preceptiva licenza así como para a instalación de andamiaze.

Cuarto.- CONDICIÓN XERAIS DA LICENZA:

•A presente licenza só faculta ó seu titular para realizar a actuación solicitada e producirá efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refire, pero non alterará a situación xurídico-privada entre este e as demais persoas.

•As obras executaranse con estrita suxeición ao proxecto completo redactado por técnico competente e ás memorias presentados xunto coa solicitude e ás normas de planeamento vixentes na localidade. Así mesmo deberá respectar o establecido no plan/estudo de seguridade. Toda variación ulterior que se pretenda introducir precisará a conformidade previa.

•O promotor queda obrigado ao cumprimento das medidas de seguridade e saúde no traballo previstas na lexislación vixente, coa obrigatoriedade de levantar un valado de protección que non poderá impedi-lo tránsito público; asimismo, as estadas que se empreguen deberán acomodarse ás precipcións de seguridade do persoal da obra e de terceiros que transiten pola vía pública.

•Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen perxuízo de terceiros e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5C55W23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 69 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

### •Réximen de caducidade das licenzas:

➤O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, partir da notificación da presente resolución e o de terminación os tres anos; ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento da licenza. As obras non poderán interromperse por tempo superior a seis meses.

➤O Concello poderá conceder prórroga dos prazos da licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

➤ A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

•Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

•O interesado deberá depositar nas arcas municipais unha fianza de 1.500,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción, segundo o disposto no informe técnico.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de constitución da fianza de 1.500 euros.

## **4.- PROPOSTAS DE GASTO.**

### **EXPTE. 3153/2018.-**

Vista a proposta de gasto presentada polo concelleiro de economía e facenda para auditoría certificación sobre o sistema da Q de calidad, a contratar coa empresa "SGS Internacional certificación services Iberica S.A.", por importe de 2.250,00 euros máis IVE.

Visto que consta no expediente informe da Alcaldía sobre a necesidade do gasto e informe do Departamento de contratación no que se indica que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que este contratista non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto desta contratación no último ano, que individual ou conxuntamente, superen a cantidade de 15.000,00 euros, IVE excluído, segundo os datos recabados da intervención municipal e que constan no expediente.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5C55M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 70 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Visto que esta proposta foi intervida de conformidade pola intervención municipal, certificando a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor referente á presente proposta de gasto, corroborando a documentación incorporada ao mesmo.

Segundo.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

### **EXPTE. 2002/2018.-**

Vista a proposta de gasto presentada polo concelleiro de obras, medio ambiente e medio rural para subministro de espellos para cruces de estradas e rúas, a contratar coa empresa "Setramur, S.L.", por importe de 514,00 euros máis IVE.

Visto que consta no expediente informe da Alcaldía sobre a necesidade do gasto e informe do Departamento de contratación no que se indica que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras xerais de contratación e que este contratista non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto desta contratación no último ano, que individual ou conxuntamente, superen a cantidade de 15.000,00 euros, IVE excluído, segundo os datos recabados da intervención municipal e que constan no expediente.

Visto que esta proposta foi intervida de conformidade pola intervención municipal, certificando a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor referente á presente proposta de gasto, corroborando a documentación incorporada ao mesmo.

Segundo.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

### **EXPTE. 1999/2018.-**

Vista a proposta de gasto presentada polo concelleiro de obras, medio ambiente e medio rural para produtos de limpeza sf 60 forte de disolgraf, a contratar coa empresa "Quivacolor", por importe de 234,00 euros máis IVE.

Visto que consta no expediente informe da Alcaldía sobre a necesidade do gasto e informe do Departamento de contratación no que se indica que non se está alterando o obxecto do contrato para evitar a aplicación das regras

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQTOAM5CSM23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 71 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

xerais de contratación e que este contratista non suscribiu máis contratos menores para o mesmo obxecto desta contratación no último ano, que individual ou conxuntamente, superen a cantidade de 15.000,00 euros, IVE excluído, segundo os datos recabados da intervención municipal e que constan no expediente.

Visto que esta proposta foi intervida de conformidade pola intervención municipal, certificando a existencia de crédito.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contrato menor referente á presente proposta de gasto, corroborando a documentación incorporada ao mesmo.

Segundo.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Terceiro.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros proponentes da proposta de gasto aprobada.

### **5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

#### **EXPTE. 1241/2016.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA.**

Vista a solicitude de devolución de fianza presentada por D<sup>a</sup>. María Jesús Lage Casas, en data 13 de xuño de 2018, co N<sup>o</sup> de rexistro 2018-E-RC-3852, por importe de 1.000,00 euros, en concepto de garantía para responder dos posibles danos que se pudiesen ocasionar no espazo público ó realizar as obras de rehabilitación sinalas no Expte. 1241/2016, en Corredoira, 4-6, Faro.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que despois de inspeccionar as obras no lugar de Corredoira, 6, Faro, Viveiro, estas obras están rematadas e o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D<sup>a</sup>. María Jesús Lage Casas para responder do Expte. 1241/2016, que ascende á cantidade de 1.000,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Urbanismo para a súa notificación ós interesados e para o seu traslado aos Departamentos de Tesourería e Intervención para o seu coñecemento e efectos.

#### **EXPTE. 3770/2018.- LICENZA E INSCRICIÓN NO REXISTRO MUNICIPAL DE PERROS PERIGOSOS.**

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5C55M23 | Corrección: http://viveiro.sedelectronica.es/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 72 e 75





## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

Visto o escrito presentado por D. Iván Carreira Arias, con domicilio a efectos de notificacións na rúa Antonio Bas, n.º 3, Bloq1-2ºC, en Viveiro, no que solicita a expedición da licenza municipal pola tenencia de dous cans, catalogados de raza perigosa, así como a súa inscrición no rexistro de animais potencialmente perigosos identificados cos microchips 981098104681085 e 981098104641847.

Vista a documentación presentada polo interesado, e resultando acreditada a raza dos cans, segundo a definición do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia, en consonancia co previsto na Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro .- Conceder a D. Iván Carreira Arias, a licenza municipal pola tenencia de dous cans, catalogados de raza perigosa, polo período de cinco anos. O titular da licenza deberá cumprir con todas as obrigas establecidas no decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia en consonancia coa Lei 4/2017, de 3 de outubro, de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia.

Segundo.- Inscibir esta licenza no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos a nome de D. Iván Carreira Arias.

Esta licenza quedará vinculada á inscrición no rexistro de animais potencialmente perigosos dos cans de raza perigosa identificados cos microchips 981098104681085 e 981098104641847.

Terceiro.- Inscibir no Libro rexistro de animais potencialmente perigosos os cans de raza perigosa, identificados cos microchips 981098104681085 e 981098104641847, propiedade de D. Iván Carreira Arias.

Cuarto.- Advertir ó titular da licenza que debe comunicar ao Concello calquera variación dos datos que serviron para a obtención da presente licenza, no prazo de quince días dende que se produza.

Quinto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Secretaría, ao obxecto da expedición da correspondente licenza municipal, ficha identificativa individual e inscrición no rexistro de A.P.P., así como á Policía Local para o seu coñecemento, e dar traslado dos datos do rexistro municipal correspondentes á presente licenza ao Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos.

### **6.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 3771/2018.- RELACION DE OBRIGAS.**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández,

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5CS5M25 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 73 de 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 3771/2018.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **7.- CORRECCIÓN DE ERRO.**

#### **EXPTE. 2299/2018.- CORRECCIÓN DE ERRO CORRESPONDENTE Á PROPOSTA DE GASTO.**

Visto que en data 18 de xuño de 2018 se adoptou acordo da Xunta de Goberno Local de proposta de gasto.

Visto que o referido acordo di:

"(...)

Vistas a proposta de gasto presentada polo concelleiro de obras medio ambiente e medio rural para baldosas de pizarra de dimensions 60x40 (3 palets) 43,26 m<sup>2</sup> mais transporte, a contratar coa empresa "Carferlo, S.L.", por importe de 682,84 euros máis IVE.

(...)"

Advertido erro de feito, xa que onde di "682,84 euros máis IVE" debe decir "682,94 euros máis IVE"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado en data 18 de xuño de 2018 por contar cun erro de feito, quedando dito acordo do seguinte xeito:

"(...)

Vistas a proposta de gasto presentada polo concelleiro de obras medio ambiente e medio rural para baldosas de pizarra de dimensions 60x40 (3 palets) 43,26 m<sup>2</sup> mais transporte, a contratar coa empresa "Carferlo, S.L.", por importe de 682,94 euros máis IVE.

(...)"

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5CS5M23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma Xestiona esPublico | Páxina 74 a 75



## Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147

### EXPTE. 1996/2018.- CORRECCIÓN DE ERRO CORRESPONDENTE Á PROPOSTA DE GASTO

Visto que en data 18 de xuño de 2018 se adoptou acordo da Xunta de Goberno Local de proposta de gasto.

Visto que o referido acordo di:

"(...)

Vistas a proposta de gasto presentada polo concelleiro de economía e facenda para suscripción modelo de multas, wingt- 2,3 e 4 trimestres ano 2018, a contratar coa empresa "SAGE AYTOS S.L.U.", por importe de 1.875,80 euros máis IVE.

(...)"

Advertido erro de feito, xa que onde di "1.875,80 euros máis IVE" debe decir "1.875,00 euros máis IVE"

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Modificar o acordo adoptado en data 18 de xuño de 2018 por contar cun erro de feito, quedando dito acordo do seguinte xeito:

"(...)

Vistas a proposta de gasto presentada polo concelleiro de economía e facenda para suscripción modelo de multas, wingt- 2,3 e 4 trimestres ano 2018, a contratar coa empresa "SAGE AYTOS S.L.U.", por importe de 1.875,00 euros máis IVE.

(...)"

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Contratación, Intervención e ós concelleiros propoñentes da proposta de gasto aprobada.

### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 14:30 horas do 25 de xuño de 2018, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretaria Xeral, dou fe.

ACTA DE XUNTA DE GOBERNO

Número: 2018-0026 Data: 29/06/2018



Cod. Validación: 5P7422Z6Y4YDQ76AM5CSM23 | Corrección: <http://viveiro.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 75 de 75